



Facultade de Filoloxía

Traballo de Fin de Grao

**Estudo etimolóxico e semántico da
toponimia maior de Barreiros**

Autora: María Cando Cruña

Titora: Ana Isabel Boullón Agrelo

Xuño 2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas



Facultade de Filoloxía

Traballo de Fin de Grao

Estudo etimolóxico e semántico da toponimia maior de Barreiros

Autora: María Cando Cruña

Titora: Ana Isabel Boullón Agrelo

Xuño 2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas

Índice

1. Introducción	9
2. Descrición do concello	11
3. Parroquias e lugares do concello de Barreiros	14
4. Estudo dos topónimos por orde alfabética	17
Abadía, A.....	17
Abalea, A.....	17
Abelleira, A	18
Agolada, A.....	18
Aguá, A.....	19
Aldea, A.....	19
Aldea de Baixo, A	19
Aldea de Ribá, A	20
Altar.....	20
Anea, A.....	21
Angueira, A	21
Armilo.....	22
Áspera, A	22
Barral, O	22
Barranca, A.....	23
Barreiro, O.....	23
Barreiros	23
Barrio Novo, O	24
Barrosa, A.....	24
Bouzas, As.....	25
Brañas, As.....	25
Cabana da Vella, A.....	25
Cabanas, As	26
Cabarcos (San Xulián).....	26
Calzada, A	27
Campos, Os.....	28
Cancela Vella, A.....	28
Canteiro, O	29
Cañoto, O.....	29
Carballo Branco, O	29

Casaldeite	30
Celeiro de Mariñaos (Santa Cristina)	31
Cortiñas, As	32
Corveiro, O	32
Coto	32
Couto, O	33
Cruz, A	33
Cruz do Lobo, A	33
Cruz Pequena, A	34
Curro, O	34
Eiras, As	34
Entrerríos	35
Escanlar, O	35
Espiñeira, A	36
Estrada, A	36
Fachas, As	36
Feal da Paula, O	37
Feás de Moreda, Os	37
Ferrería, A	38
Fixoucos	38
Fontela	39
Foro, O	39
Gondán	40
Granda, A	40
Grandas, As	40
Ibia	40
Insua, A	41
Igrexa, A	41
Ladrido	42
Lóngara	42
Martices, Os	43
Matomaioir	43
Morteiro, O	43
Nogueiredo	44
Novás	44

Obra Pía, A	44
Outeiro, O	45
Pallares	46
Pasadas, As	46
Pedregás, Os	47
Pedreira, A	47
Pedrido.....	47
Pena, A	47
Pena da Salsa, A	48
Picota, A	48
Pozo Mouro, O	48
Proída, A.....	49
Pumarín.....	49
Pumarrubín	50
Rego de Molido	50
Rego do Lopo, O	51
Regueira, A.....	51
Reinante (Santiago)	52
Remior	52
Rexa	53
Rilleira, A	53
Roda.....	53
Saíñas, As	53
San Bartolo	54
San Cosme.....	54
San Cosme de Barreiros (San Cosme).....	54
San Miguel de Reinante (San Miguel)	55
San Paio	56
San Pedro de Benquerencia (San Pedro)	56
San Xusto de Cabarcos (San Xusto).....	57
Sarxende	57
Seixo da Veiga, O.....	58
Seoane.....	59
Sindín.....	59
Souto, O.....	59

Suigrexa	60
Teixo, O	60
Telleira, A	61
Torre, A	61
Triana.....	61
Val do Caínzo, O	62
Valgas, As.....	62
Veiga de San Pedro, A.....	63
Viladaíde.....	63
Vilamar	64
Vilamartín Grande	64
Vilamartín Pequeno (San Xoán Degolado)	65
Vilar	65
Vista Alegre.....	65
Volta da Insua, A	66
Xunto á Igrexa	66
5. Conclusións	67
6. Bibliografía.....	71
Anexos	77
Anexo A.....	78
Anexo B.....	82



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE

Formulario de delimitación do título e resumo


Traballo de Fin de Grao curso 2020/2021

APELIDOS E NOME:	CANDO CRUÑA MARÍA
GRAO EN:	LINGUA E LITERATURA GALEGAS
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	ONOMÁSTICA


SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

<p>Título: Estudo etimolóxico e semántico da toponimia maior de Barreiros.</p>
<p>Resumo [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:</p> <p>O traballo perante o que nos atopamos ten como obxectivo a elaboración da toponimia maior do concello lucense de Barreiros, pertencente á comarca da Mariña Oriental. Para isto, realizarase un estudo etimolóxico e semántico dos 112 lugares repartidos polas oito parroquias que, segundo o <i>Nomenclátor de Galicia</i> (NG), compoñen este concello. Introducido por unha pequena descrición xeográfica, demográfica e lingüística da zona, no estudo etimolóxico realizarase a explicación da orixe e da evolución da totalidade dos topónimos botando man de documentación histórica, tanto a específica da zona como doutras fontes, e de estudos previos. No estudo semántico, realizarase a procura das posibles motivacións de cada un dos topónimos, así como a súa posterior clasificación en campos semánticos, que permitirán comparalos cos campos toposemánticos máis abundantes na toponimia galega. Ademais, no caso de que se rexistren topónimos que na fala oral non se correspondan co recollido no NG, faranse algunhas indicacións fonéticas e/ou morfolóxicas. Así pois, analizado o material toponímico recollido, o obxectivo último será dar conta da paisaxe toponímica do concello de Barreiros.</p>

SR. DECANO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidente da Comisión de Títulos de Grao)



Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020.

Sinatura do/a interesado/a	Visto e prace (sinatura do/a titor/a) BOULLON AGRELO ANA ISABEL - 33252549T <small>Firmado digitalmente por BOULLON AGRELO ANA ISABEL - 33252549T Número de reconocimiento (ID): ca-ES. serialNumber=DCES-33252549T, givenName=ANA ISABEL, sn=BOULLON AGRELO, cn=BOULLON AGRELO ANA ISABEL - 33252549T Fecha: 2020.11.20 15:01:34 +0100</small>	Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data 18 DEC. 2020 Selo da Facultade de Filoloxía 
----------------------------	--	--

SR. DECANO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidente da Comisión de Títulos de Grao)

1. Introducción

O obxectivo principal do presente traballo consiste na realización dun estudo e dunha clasificación semántica e etimolóxica dos topónimos que constitúen o concello lugués de Barreiros, cuxa xeografía, historia e sistema lingüístico serán factores relevantes para ter en conta.

Para isto, en primeiro lugar, no apartado chamado “Parroquias e lugares do concello de Barreiros”, compilouse e verificouse o material toponímico deste concello que, formado por 112 entidades de poboación segundo o *Nomenclátor de Galicia* (NG), será do que se partirá para a análise da toponimia maior de Barreiros.

En segundo lugar, no apartado “Estudo dos topónimos por orde alfabética” procederáse a realizar o estudo etimolóxico e semántico da totalidade dos lugares mencionados, incluídas as parroquias e o propio nome do concello, polo que en realidade partiráse dun total de 121 topónimos. Para o estudo semántico empregárase fundamentalmente a *Fitotoponimia Galega* de Gonzalo Navaza co apoio do Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e o Dicionario de Dicionarios da lingua galega (DdD) e para a análise etimolóxica usarase o Dicionario crítico etimolóxico castelano e hispánico (DCECH), así como estudos previos coma o *Hispano-gotisches Namenbuch* (HGNB) de Joseph Piel e Dieter Kremer, entre outros. Ademais, dentro deste estudo tamén se dará conta da frecuencia destes topónimos en relación con outros posibles homónimos galegos acudindo ó NG e, sobre todo, das primeiras atestacións de cada lugar, sempre que sexa posible, pois cómpre ter presente, por unha banda, que Barreiros non foi un concello moi relevante dende o punto de vista histórico, xa que non contaba con mosteiros ou igrexas importantes e, por outra banda, que este municipio posúe zonas litorais que non estaban habitadas ata hai relativamente pouco e, por esa razón, os topónimos situados neses lugares non adoitan aparecer nas atestacións antigas. Aínda así, para poder atestar estas entidades de poboación botouse man principalmente de dous tipos de fontes: fontes históricas xerais coma o *Catastro do Marqués de Ensenada* (nel consultáronse as oito parroquias que forman Barreiros) e fontes específicas da zona, tanto históricas como o *Padrón de diversos lugares de Barreiros correspondientes al año 1661*, coma medievais. Estas últimas foron principalmente as transcricións dos documentos do *Tumbo de Lorenzana* (1992) e dos *Tumbos del Archivo de la catedral de Mondoñedo. Calendarios* (2005), ás que se tivo acceso tanto mediante as obras orixinais coma a través dos corpus

online CODOLGA e o TMILG¹. Tamén se empregaron dous estudos toponímicos deste concello publicados en blogs virtuais, un realizado por Noela Fernández e outro por Xosé González. As razóns do seu emprego son que achegan datos (históricos, xeográficos, motivacionais...) para min descoñecidos e que usan fontes fiables ás que non puiden ter acceso.

Por último, no apartado “Conclusións” farase unha clasificación etimolóxica e semántica do material toponímico recollido (figuran no *Anexo A* e *Anexo B*), co conseguinte estudo porcentual, partindo en cada caso de propostas clasificadoras e de criterios diferenciados para levalas a cabo (serán explicados no devandito apartado) e, polo tanto, así acadar o propósito último deste traballo: dar conta da paisaxe toponímica do concello de Barreiros.

¹ No CODOLGA e no TMILGa soamente figuran algúns textos pertencentes ó Tombo de Lourenzá e ós Calendarios do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Por esa razón, a maioría das citas aluden ós volumes físicos, mentres que en contadas ocasións se remite as estes corpus online baixo as abreviaturas TLourenzá ou CalCalendarios, por seren, como xa se sinalou, as dúas obras principais das que ditos corpus recollen parte da súa documentación.

2. Descrición do concello

A continuación, farase unha pequena descrición do concello de Barreiros dende o punto de vista xeográfico, histórico e lingüístico. Para isto, empregáronse diversas fontes, entre elas a propia páxina web do Concello, os datos ofrecidos por Xulia Marqués na súa *Toponimia de Trabada e Estudos de Toponimia Galega* de Nicandro Ares, entre outras.

Barreiros é un concello lugués que pertence á comarca da Mariña Oriental, situada no norte da provincia de Lugo. Ó oeste limita con Foz, ó sur con Vilanova de Lourenzá e Trabada e ó leste con Ribadeo. Con 72,16 km² de extensión, segundo o Instituto Galego de Estatística conta con 2.925 habitantes, concentrados maioritariamente en San Cosme de Barreiros (que ademais é a capital do concello) e San Miguel de Reinante.



Mapa 1. Situación de Barreiros (Fonte: páxina web do concello de Barreiros)

A súa xeografía é moi diversa, xa que alén de contar con 8 km de costa cantábrica e con 4 km da ría do Masma na parte occidental, tamén posúe chairas, vales e montes coma o Comado, dende o que se pode ver toda a costa dende Viveiro ata o occidente asturiano.

Con respecto á súa historia, cómpre indicar que este concello foi habitado dende a época prehistórica, pois nalgunhas parroquias cóntase con construcións castrexas. Entre elas atópanse o castro situado na coñecida como Punta do Castro (na parroquia de San Miguel de Reinante), un acantilado a ras do mar dende o que se podía vixiar a zona de costa, ou o recente descubrimento do Castro da Maradona, pertencente á parroquia de San Xusto de Cabarcos. Ademais, tamén é de interese destacar, como sinala Anselmo López Carreira (2013), o círculo lítico da Roda, situado na parroquia de Reinante, que é o único en Galicia, pois “non hai ningún outro que se poida confirmar como construción megalítica” (López Carreira 2013: 52).

Despois desta época chegou a colonización romana e Barreiros, segundo sinala Xulia Marqués (2018:10),

pasou a formar parte do Convento Xurídico Lucense que se estendía ata o río Navia. Conforme se deduce da pasaxe de Plinio (Naturalis Historia, IV): “A flumine Navia, Albiones, Cibarci, Egivarri cognomine Namarini, Iadoni...”, nas inmediacións do Eo habitaban os egovarri, entre os cibarcos e iadonos.

Desta maneira, Plinio nomea o pobo dos *Cibarci*, “os cales (...) corresponderían á bisbarra do beiramar lugués, onde se atopan as parroquias de San Xulián e San Xusto de *Cabarcos*” (Ares 2012-2013: 221), no concello aquí estudado.

O documento máis antigo que fai referencia a Barreiros data do ano 775. Segundo indica Xulia Marqués (2018: 10), é o seguinte:

O Diploma do Rei Silo, que se conserva no arquivo da catedral de León (...). O rei outorgaba a licenza para a construción dunha casa de oración nun lugar entre os ríos Eo e Masma e acoutaba os extremos das terras concedidas ao mosteiro Sperautano. A doazón, firme e irrevogable, fora feita a un grupo de frades e servos de Deus por medio do “noso fiel abade Sperautano, para que recedes pola miña alma na igrexa que alí se edifique”. No trazado dos lindes do territorio hai unha mención explícita dunha “petra ficta qui stat in montem super Tabulata”. Na serra da Cadeira continúa en pé unha *petra ficta* (hoxe coñecida como marco da Pena Verde), convertida en estrema de tres concellos, Barreiros, Lourenzá e Trabada.

A día de hoxe non queda vestixio ningún deste mosteiro e non se sabe exactamente onde estaría.

Tódalas referencias históricas a este concello obtéñense grazas á documentación escrita onde, principalmente, aparecen múltiples referencias a actuais parroquias de Barreiros. De feito, na Idade Media atópase unha referencia ó nome de Cabarcos, pois, “no ano 916, o rei Ordoño II doa á Sé leonesa a Igrexa de *Sancto Justo de Cabarcos*” (Ares 2012-2013: 221). Posteriormente, no século XV, tal e como se sinala na páxina web do concello, o abade do mosteiro de Vilanova de Lourenzá outorgoulle ó mariscal Pardo de Cela o foro do Couto de Santa Cristina de Celeiro. Desta época medieval non se conservan construcións ou monumentos, mais no ano 2014 descubriuse a tumba de Coto, labrada nunha rocha da praia homónima, situada en San Pedro de Benquerencia.

Nos séculos XVIII e XIX a historia de Barreiros estivo marcada polo fenómeno da emigración, de xeito que moitos dos seus habitantes marcharon ás Américas, principalmente a Cuba, Arxentina e México. Moitos destes emigrados denominados “indianos” retornaron ó concello e contribuíron co seus desenvolvemento urbanístico

mediante a construción de escolas e vivendas. Así pois, consérvanse numerosas construcións indianas en varias parroquias, sobre todo en San Miguel de Reinante, como por exemplo a coñecida como Vila Julia.

Actualmente, os habitantes de Barreiros dedícanse á gandería e á agricultura e tamén ó turismo, que é a principal fonte ingresos do concello, así coma da Mariña.

Finalmente, no que atangue ás características lingüísticas desta zona, cómpre mencionar que o galego que se fala en Barreiros encádrase dentro da área mindoniense do bloque central, aínda que, como veremos, presenta trazos propios do bloque oriental, co que garda moita proximidade, pois tanto os concellos limítrofes de Ribadeo coma o de Trabada pertencen a este último. Así pois, os trazos lingüísticos máis significativos deste concello e que maiormente se poden percibir na toponimia son os seguintes:

Evolución dos grupos latinos -ŪLT, -ŪCT: *muíto, escuitar*.


Resultado da terminación latina -ĪNUM: *padrín, camín*.

Resultado de -ŌNES: *pantalós, camiós*.

Resultado de -ĀNES: *cas, feás*.

3. Parroquias e lugares do concello de Barreiros

Segundo figuran no *Nomenclátor de Galicia* (NG), a continuación inclúense as oito parroquias que conforman o concello de Barreiros (na seguinte imaxe pódese ver a súa distribución), así como as 112 entidades de poboación que as integran.



Mapa 2. Distribución das parroquias de Barreiros (Fonte: páxina web do concello de Barreiros)

Cabarcos (San Xulián)

Couto, O

Fixoucos

Gondán

Insua, A

Matomaior

Pedreira, A

Rilleira, A

Seoane

Teixo, O

Vilamartín Grande

Celeiro de Mariñaos (Santa Cristina)

Barral, O

Carballo Branco, O

Rexa

Saiñas, As

Xunto á Igrexa

Reinante (Santiago)

Barreiro, O
Barrosa, A
Cruz, A
Foro, O
Proída, A
Torre, A
Vista Alegre

San Cosme de Barreiros (San Cosme)

Altar
Anea, A
Angueira, A
Áspera, A
Cruz do Lobo, A
Cruz Pequena, A
Eiras, As
Espíñeira, A
Feás de Moreda, Os
Pallares
Pozo Mouro, O
Rego do Lopo, O
Remior
San Bartolo
San Cosme
Viladaíde
Vilar

San Miguel de Reinante (San Miguel)

Áspera, A
Barranca, A
Campos, Os
Casaldeite
Curro, O
Entreríos
Ferrería, A
Granda, A
Martices, Os
Nogueiredo
Obra Pía, A
Outeiro, O
Pasadas, As
Pumarín
Pumarrubín
Sarxende
Souto, O
Telleira, A
Triana
Valgas, As

San Pedro de Benquerencia (San Pedro)

Abadía, A
Abalea, A
Abelleira, A
Agolada, A

Armilo
Barrio Novo, O
Bouzas, As
Brañas, As
Cabanas, As
Cancela Vella, A
Cañoto, O
Canteiro, O
Cortiñas, As
Coto
Escanlar, O
Estrada, A
Feal da Paula, O
Fontela
Grandas, As
Lóngara
Pedregás, Os
Pena da Salsa, A
Pena, A
Picota, A
Rego de Molido
Roda
Sarxende
Sindín
Suigrexo
Veiga de San Pedro, A

San Xusto de Cabarcos (San Xusto)

Aldea, A
Calzada, A

Corveiro, O
Fachas, As
Fixoucos
Ibia
Igrexa, A
Ladrado
Morteiro, O
Novás
Pedrido
Regueira, A
San Paio
Seixo da Veiga, O
Val do Caínzo, O
Vilamar
Volta da Insua, A

Vilamartín Pequeno (San Xoán Degolado)

Aguá, A
Aldea de Baixo, A
Aldea de Riba, A
Cabana da Vella, A
Cabanas, As
Regueira, A

4. Estudo dos topónimos por orde alfabética

De seguido, ofrécese a ordenación alfabética da totalidade dos topónimos, na que se inclúe a súa explicación etimolóxica, a súa motivación semántica, as primeiras documentacións históricas e a frecuencia do topónimo en relación con outras formas homónimas galegas.

Abadía, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Unha *abadía* é o nome que se lle dá á “casa do cura párroco” ou ó “mosteiro dirixido por un abade ou abadesa” (DRAG). É un derivado de *abade*, do latín *ABBAS*, *ABBATIS*, e este do arameo *abba* ‘pai’ pasando polo gr. *Abba* (DCECH s.v. *abad*). Por tanto, a denominación deste lugar posiblemente proveña da existencia dun edificio destinado a un destes dous fins.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG rexistra dous lugares chamados *A Abadía* no concello do Saviñao e outro no concello das Neves.

Abalea, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Aínda que aparentemente se pode relacionar coa terceira persoa de singular do presente de indicativo do verbo *abalear* que, segundo o DRAG, significa “mover, axitar ou facer oscilar [unha persoa ou cousa] sen cambiala de sitio”, a realidade é ben distinta. Debido á súa situación xeográfica e principalmente ó ser o nome dunha das praias deste concello, pódese dicir que a súa orixe pode estar relacionada co substantivo *balea* (< latín *BALLAENA*) (DCECH). De feito, Xosé González (8 de marzo de 2014), di que posiblemente estea “relacionado co avistamento ou pesca da balea” xa que “a pesca de balea era común no Cantábrico dende antigo”.

Polo tanto, esta hipótese é a que máis sentido cobra á hora da denominación deste lugar, aínda que a adición por prótese do artigo *a* ó substantivo conduza a relacionalo (posiblemente de xeito erróneo) co verbo *abalear*.

A proba de que no cantábrico existía a pesca de balea maniféstase a través da documentación medieval, xa que nun documento notarial do ano 1291 indícase o seguinte: «Et disso que pignorara depois en San Cibrao Lxx quartillos de *balea* et tres

quartillos de chantes et medeo de linguada» (TMILG). Con todo, no que respecta ó topónimo aquí estudado, non se atoparon referencias, aínda que dende o ano 1468 rexístrase «*Balea*» (TMILG) como apelido, así como no ano 1586 nun documento procedente do Arquivo do Mosteiro de Santa Clara de Ribadeo se menciona un tal «Alonso *Valea*» (Castro / M^a Ángeles de la Cruz 1988: 32).

Malia que no NG só se rexistra este topónimo no concello estudado, si que se atopa a variante *balea* sen a prótese do artigo *a* nos concellos costeiros do Grove, Cangas e Pontevedra.

Abelleira, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Unha *abelleira* é un “niño de abellas” (DRAG), ou sexa, un enxame ou colmea. Trátase dun derivado de *abella*, do lt. APĪCŪLA, diminutivo de APIS (DCECH), co sufixo colectivo *-eira* (< latín *-ARIA*). Polo tanto, fai referencia a un lugar onde había ou hai unha ou varias colmeas.

No tocante ás súas atestacións, en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2005: 438) atopouse un documento do ano 1379 no que se le o seguinte: «Iten en Barreyros seys / casaes conuen a saber o casal Dahulfe et o casal da *Abelleyra*».

O NG rexistra 41 lugares así chamados.

Agolada, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

O nome deste lugar “procede da locución latina ĀQUAM LĀTAM ‘auga levada, conducida’ (LĀTU é o participio do verbo latino FĒRO ‘levar’)” (Méndez Fernández 2016: 19).

A Agolada e *A Golada* foron dous resultados nos que se interpretou a existencia dun suposto artigo. Con todo, a primeira forma xurdiu por mor da aglutinación do artigo *a* e a vogal inicial da palabra *Agolada* e a súa posterior desaparición, mentres que a segunda (alén da falsa interpretación do artigo) é a que máis se aproxima á etimoloxía.

Os documentos máis antigos que dan conta deste topónimo datan no século XII e XIII, pois cítase «*Aqua Lata*» (TLourenzá) nos anos 1101 e 1118 e «*Agualada*» (TLourenzá) en 1266. Máis tarde, no ano 1379, en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2005: 439) cítase a un tal «Johan Fernandes da *Colada*», que é posible que se refira ó topónimo aquí estudado. Finalmente, no Catastro de Ensenada (1752) non se atopou

este topónimo nin ningunha das formas antes mencionadas, mais si que se encontrou unha referencia a «*el arroyo darrebolada*» na parroquia de San Pedro de Benquerencia. Este dato é importante, xa que, segundo contan algúns informantes, *A Rebolada* era outro nome que a veciñanza lle daba a ese lugar debido ó rego que atravesaba a aldea e que tiña e ten esa denominación, malia nun documento do Tombo de Lourenzá do ano 1099 rexistrarse a forma «arogio de *Aqua Lata*» (Rodríguez González / Rey Caiña 1992: 55).

O NG recolle a forma *Agolada* sen artigo nunha parroquia do concello de Agolada e a forma *A Golada* nos concellos de Becerreá e Nigrán.

Aguá, A

Lugar da parroquia de Vilamartín Pequeno

Este topónimo poderíase relacionar con aqueles que presentan a terminación *-ANA > -á*, característica desta zona, mais a explicación da parte inicial é incerta. Polo tanto, pódese sinalar que o significado e a etimoloxía deste topónimo é incógnito.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

A Aguá é un *unicum* que non se repite en toda a toponimia galega.

Aldea, A

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Unha *aldea* é un “núcleo pequeno de poboación, de carácter rural e con poucos veciños” (DRAG) e provén do “and. *adđáyça* < *cl. dayçah*” (Corriente 1999: 146). Posteriormente, “pasou ó galego común, polo que estes topónimos (...) teñen que ser de orixe medieval ou posterior” (Méndez Fernández 2016: 23).

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

A Aldea é a denominación doutros 48 lugares segundo o NG.

Aldea de Baixo, A

Lugar da parroquia de Vilamartín Pequeno

Este topónimo está formado polo substantivo *aldea* (véxase a entrada *Aldea, A*) e a preposición *baixo* “indica un lugar inferior” (DRAG), que provén do adxectivo do lt. vg. *BASSUS* ‘gordo e pouco alto’ (DCECH).

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG rexistra un total de sete lugares así chamados no conxunto da toponimia galega.

Aldea de Riba, A

Lugar da parroquia de Vilamartín Pequeno

A *Aldea de Riba* está formado polo substantivo *aldea* (véxase a entrada *Aldea, A*) e *riba*, forma abreviada do adverbio *enriba*, que procede do lat. *RĪPA* ‘marxe dun río’, ‘beira, ribeira’ (DCECH) e significa “nun lugar superior en relación a outro, tanto se hai contacto coma se non” (DRAG).

Ó igual que nos topónimos anteriores, tampouco se atoparon atestacións medievais nin históricas deste lugar.

Aldea de Riba é a denominación doutros cinco lugares segundo indica o NG.

Altar

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Un *altar* (< latín *ALTAR* ‘ara de sacrificios’) (DCECH s.v. *alto*) é un “lugar alto, xeralmente en forma de mesa, para facer ofrendas e sacrificios relixiosos” (DRAG), pero tamén presenta o seguinte significado:

Altar natural, monumento céltico, constituído xeralmente por una roca o un peñasco, en cuya cima se ven pequenos hoyos (...), que se corresponden con un canal que le servía para el desagüe, en los usos y sacrificios religiosos y expiatorios de los prehistóricos tiempos. Supónese que los altares naturales debieron estar dedicados al culto druídico (DdD).

A zona de *altar* é un lugar costeiro e tamén é a denominación dunha praia que conta cunha gran pena no centro coñecida como “Pena de Altar”. Ademais, segundo se conta, nesta pena antigamente realizábanse sacrificios en ofrenda ós deuses. Polo tanto, dos anteriores significados o que máis garda relación é o segundo, de xeito que se podería indicar que o nome deste lugar viría dado polo uso deste altar natural para facer sacrificios.

O documento máis antigo que dá conta deste topónimo é do ano 1470 e atópase en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 451). Nel lese: «et commo ven topar / en la carrera de *Altar* et commo se torna por la carrera *d-Altar*».

O NG unicamente rexistra *Altar* na parroquia barreirega de San Cosme de Barreiros. Con todo, segundo o DdD tamén se atopan altares naturais “en el coto de la

Recadeira (Mondoñedo); otro (...) en las montañas de Avión; otro (...) en Lalín; otro en el lugar de Suevos; (...) y (...) las enormes masas rocosas que hay en el monte Xalo, en Culleredo”.

Anea, A

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Aínda que este topónimo coincide co nome en español *Anea*, que designa unha planta, a “*Typha angustifolia L.*” (DdD) (a cal é abundante na parroquia na que se atopa este lugar, mais que o pobo denomina “espadana”), é imposible ou pouco probable que coincida cun resultado patrimonial galego. Etimoloxicamente, poderíase relacionar cos nomes prerromanos que rematan en *-ea*, como *Cea*, *Lea* ou *Navea*, pero o certo é que se descoñece tanto o significado coma a etimoloxía deste topónimo.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas desta entidade.

Segundo o NG, estamos perante un *unicum*.

Angueira, A

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Unha *anguieira* é unha “rede que se utiliza para coller as anguías” (DRAG). Trátase dun derivado do substantivo *anguía* (< latín ANGUĪLA) (DCECH) “peixe da familia dos anguílidos, de corpo longo e cilíndrico (...) que vive nos ríos e se vai reproducir ao mar” (DRAG), co sufixo abundancial *-eira*.

Este lugar sitúase ó carón da ría do Masma e tamén é o nome dunha pequena praia que hai na ría, polo que, tendo en conta isto, pódese indicar que o nome se debe probablemente á abundancia deste peixe na ría antes mencionada.

A atestación máis antiga deste topónimo é do ano 1479 e atópase en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 451). Nela lese o seguinte: «Yten en la dita veiga de Viladeelle que jaz contra la *Angueira*».

No NG só se rexistra este topónimo no concello de Barreiros, mais recolle a forma masculina *Angueiro* na provincia Coruña e *Angueiro* e *Os Angueiros* na de Lugo.

Armilo

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

É un topónimo bitemático de orixe xermánica, composto por dous temas que son *Ar-* ('aguia') e *-milo*, probablemente do gótico **mereis* 'famoso' (Piel / Kremer 1976: 311). Se se realiza a busca de *Armilo* no índice onomástico do HGNB, este remítenos a dúas entradas, polo que Piel e Kremer dubidan á hora de asignar a primeira parte do topónimo á raíz *AR-*, núm. 18/7, que indica que estaría formado por *Ar-* e *miri* (xenitivo de *mirus*) (Piel / Kremer 1976: 77) ou á raíz *ERMEN-*, *ERM-*, núm. 78/13, sinalando unha posible procedencia de *Herme – miro*, que pasaría a *Erme -miri* e incluso a *Erme-mil* ou *Ermi-mil*. (Piel e Kremer 1976: 121).

No tocante ás súas atestacións, non se atoparon referencias a este topónimo nas fontes medievais e históricas consultadas.

Segundo o NG, *Armilo* é un *unicum*.

Áspera, A

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Áspera significa "terreo moi irregular con abundantes desniveis" (DRAG). Posiblemente pode proceder do latín "*aspera loca*" (Moralejo 1977: 306).

En textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2005: 510) atópase un documento do ano 1397 no que se le: «et da outra parte doutra herdade Fernando Preto / que he da vos da *Aspera*».

Segundo o NG existen dezanove lugares chamados (*A*) *Áspera*.

Barral, O

Lugar da parroquia de Celeiro de Mariñaos

Un *barral* é un "lugar onde hai moito barro" (DRAG). Trátase dun derivado abundancial do substantivo *barro*, unha voz de orixe prerromana co significado de 'arxila' ('lama') (DCECH). Este topónimo e outros derivados de *barro* son "denominacións transparentes (...) que comparten un denominador común, a súa localización, próxima a unha corrente, e a caracterización do terreo que identifican, baixo e en que se (...) acumula lama facilmente" (Marqués 2018: 24).

En textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 1999: 719) atopouse un documento do ano 1489 no que se le: «Yten desenbargo a los herederos de Diego do *Barral* seus bees et que paguen lo que gasten en sua myxon».

(*O*) *Barral* é o nome de 73 lugares segundo o NG.

Barranca, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

A palabra *barranca* é un derivado de *barranco*, que ten orixe prerromana (DCECH s.v *barranco*) e significa “descenso brusco e profundo do terreo” (DRAG), aínda que a súa denominación pode deberse á relación que este lugar gardaba “coa explotación de ferro da Cova Veneira” (Noela Fernández, 2 de maio de 2018), pois “na Barranca separábase o ferro da terra e amontonábase en barrancos de terra, posteriormente” (Noela Fernández 2 de maio de 2018).

Este topónimo atéstase por primeira vez no Catastro de Ensenada (1752), xa que na parroquia de San Miguel de Reinante se cita a forma «*Barranca*».

O NG rexistra unicamente dúas entidades de poboación denominadas *A Barranca*. Unha é a do concello de Barreiros e a outra atópase na parroquia de Ferroi, no concello de Guntín.

Barreiro, O

Lugar da parroquia de Reinante

Barreiros

Nome do concello

Barreiro e o seu plural *barreiros* fan referencia a un “sitio donde hay mucho barro” (DdD). É un derivado de *barro* (véxase *Barral, O*), co sufixo abundancial *-eiro*.

Este topónimo aparece nun documento do ano 1410 pertencente a textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 445), xa que nel se le o seguinte: «outra cortinna que chaman do *Barreiro*».

Ó igual que no concello veciño de Trabada, “o rendemento de *barro* e dos seus derivados na toponimia do concello é moi alto” (Marqués Valea 2018: 25), pois á parte do propio nome do concello (*Barreiros*), tamén se rexistran topónimos como *O Barral* ou *A Barrosa*. Ademais, (*O*) *Barreiro* é un topónimo moi abundante na toponimia galega, xa que no NG rexístranse 124 lugares así chamados.

Barrio Novo, O

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Este topónimo está formado polo substantivo *barrio* e o adxectivo *novo* (< latín NŌVUS) (DCECH) que, segundo o DRAG, presenta significados como “que acaba de ser feito ou mercado”, “que ten menos idade ca outro co que se pon en relación” ou “que aparece despois doutro ao cal substitúe temporal ou definitivamente”.

Existen distintas hipóteses da orixe de *barrio* (preferiblemente clasificada como voz prerromana). Corominas sinala que esta voz provén do ár. *barr* ‘aforas (dunha cidade)’ ou quizais máis precisamente do derivado árabe *barri* ‘exterior’ (DCECH), mais *barrio* despois adquiriu o significado de ‘parte dunha poboación’ e, actualmente, incluso se usa nalgunhas zonas galegas como sinónimo de *aldea* e *lugar* (Méndez Fernández 2016: 29). En cambio, Edelmiro Bascuas (2014: 100) sinala o seguinte:

é innegable a existencia dun **barrio*- prerromano derivado de *barro* e co seu mesmo significado. Aceptado isto, o uso desta palabra para designar un núcleo de poboación non é máis difícil que os dos paralelos anteriores: se un constrúe a súa casa nun lugar barrento, pode dicirse que vive no **barrio*, no **barrio* de arriba ou de abaixo (...) etc. Este debeu ser o primeiro paso para chegar desde o primitivo ‘lugar barroso’ ao actual ‘barrio dunha cidade’: unha vez consumada a súa conversión en ‘lugar habitado’, creándose un novo apelativo co valor de simple poboado, é comprensible que terminase usándose para designar os núcleos de poboación ou *barrios* dependentes dunha cidade. Con todo, non se desbota a posible coexistencia dun **barri* árabe, pero é inútil, gratuito e absolutamente inverosímil. Coa presente etimoloxía redúcense á unidade *barra*, *barro* e *barrio* en consonancia coa identidade do mesmo radical *barr*-.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O Barrio Novo é a denominación de outros oito lugares segundo indica o NG.

Barrosa, A

Lugar da parroquia de Reinante

Barrosa e o seu masculino *barroso* pertencen á familia léxica de *barro* (véxase *Barral*, *O*) e fan referencia a un lugar ou unha terra “que contén barro” (DRAG).

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de Reinante o lugar «*da Varrosa*».

O NG recolle outros dez lugares con esta denominación.

Bouzas, As

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Unha *bouza* é un “terreo inculto poboado de mato, como toxos, xestas, uces etc.” (DRAG). Trátase dunha palabra comunmente considerada prerromana que foi difundida no galego-portugués como *bouça* ‘terreo inculto’ (DCECH s.v. *calabozo*), mais a súa etimoloxía é discutida. Moitos investigadores propoñen unha filiación prerromana: Krüger pensa nun étimo **bauttia* (Krüger 1950: 241), Corominas en **boudia* (DCECH s.v. *calabozo*) e Rivas Quintas emparentao coa voz *balsa* (Rivas 1994: 43-44). Tamén hai quen pensa nunha posible orixe latina, coma Gonçalves Viana e Meyer-Lübke que propoñen como étimo o adxectivo *BALTEŪS* ‘o que cinxe, pero que Piel rexeita alegando razóns fonéticas (Navaza 2006: 94).

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG rexistra outros 47 lugares denominados *As Bouzas* no conxunto da toponimia galega.

Brañas, As

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Brañas é a forma en plural do substantivo *braña*, que significa “terreo moi húmido que pode ser prado ou monte” (DRAG). Existen dúas posibles hipóteses con respecto á súa orixe. Corominas propón que *braña* ten orixe seguramente prerromana, ó mellor céltico (DCECH), mentres que Krüger por razóns semánticas acepta a etimoloxía **VERANĒA* sen referirse á dificultade fonética (DCECH).

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG rexistra catro lugares así chamados.

Cabana da Vella, A

Lugar da parroquia de Vilamartín Pequeno

Este topónimo está formado polo substantivo *cabana* (< latín tardío *CAPANNA*) (DCECH), que fai referencia a unha “construción pequena, polo xeral de madeira, que pode ter o teito de palla ou ramallos e que serve, ben para gardar o gran, a herba seca, os apeiros de labranza etc., ben como refuxio da xente do campo” (DRAG), e o substantivo *vella* (< latín *VĒTŪLUS* ‘de certa idade, algo vello’, que en latín vulgar substituíu a *VĒTUS* ‘vello’)

(DCECH). Este último co significado de “persoa de moita idade” (DRAG). Por tanto, estaríamos perante un topónimo de posesor.

No Catastro de Ensenada (1752) cítase na parroquia de Vilamartín Pequeno a forma «*Cabana vella*».

A Cabana da Vella é un topónimo composto que o NG só rexistra en Barreiros, mais *Cabana* e *Vella* son denominacións comúns na toponimia galega. O NG rexistra outras 118 localidades chamadas *Cabana*, *Cabanas* ou que na súa estrutura conteñen este substantivo, mentres que *vella* é unha voz empregada como segundo elemento noutros 152 lugares.

Cabanas, As

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Lugar da parroquia de Vilamartín Pequeno

Cabanas é a forma plural do substantivo *cabana* (véxase a entrada *Cabana da Vella, A*).

Neste caso, *As Cabanas* de San Pedro de Benquerencia, alén de denominar un lugar, tamén é o nome que se lle dá a unha praia, o cal provén das covas que o mar foi formando nas rochas que a conforman. Con todo, algúns informantes de avanzada idade aseguran que a ese lugar tamén se lle chamaba *covas*, porque era onde se resgardaban cando traían o gando, xa que nos seu inicios o pequeno illote actual estaba unido á terra, creando unha pequena península.

Nas fontes medievais e históricas consultadas non se atestou este topónimo.

O NG rexistra catorce lugares chamados *As Cabanas*.

Cabarcos (San Xulián)

Parroquia do concello de Barreiros

O topónimo *Cabarcos* presenta dificultades para o seu esclarecemento, de xeito que cómpre recorrer á explicación dada por Ares Vázquez (2012-2013: 225):

Polo que atingue ó étnico *Cabarcus* (...), Palomar Lapesa coida que o radical *Cabar-* podería ser unha variante de *Cabur-*, presente en nomes hispano-lusitanos, como *Cabura*, *Caburene*, *Caburn*, *Caburateig*, *Cabureniq*; pero xulga infundada a súa relación co irl, *cobir* ‘auxilio’ e pencea a emparentalo co dos antropónimos *Cabrilius*, *Cabruni*, etc. Non obstante, neste punto poderíamos preguntar se *Cabarcus* (*Cavarcos*, a.569) sería comparable con nomes da Galia como son o étnico *Cavari* e os persoais *Cavarcos*, *Cavarillus*, etc., para os cales Pokorny postula unha raíz ide, **keu-*,

que se atopa tamén no lat, *cavus*; estaríamos no senso que antes apuntabamos para *cavarca* ‘vagoada fonda’.

A atestación máis antiga de *Cabarcos* data do ano 775, pois no *Diploma do rei Silos*, segundo sinala Ares Vázquez (2012-2013: 221), indicábase o seguinte:

que un dos pobos galegos (...) pertencentes no tempo dos romanos ó *Ceonventus Lucensir*, a partir do río Navia (...) era o dos *Cibarci*, os cales, segundo a opinión máis xeralizada hoxe en día, corresponderían á bisbarra do beiramar lugués, onde se atopan as parroquias de San Xulián e San Xusto de Cabarcos

En textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 1999: 40) atópase un documento do ano 1124 no que se le o seguinte: «Et infra ipsos terminos (...) *sanctus Iulianus de Cauarcos*». Outras atestacións datan de anos posteriores, xa que Ares Vázquez (2012-2013: 221) sinala que no “ano 1128, Alfonso VII distingue das igrexas realengas as da Sé mindoniense entre o río Eo e Masma: *inter Euve et Masma... S. Julianus de Cavarcos*”. No ano 1265 cítase a forma «*Sancto Iuliano de Cauarcis*» (TLourenzá) e posteriormente rexístrase no ano 1371 baixo a forma «*San Jullao de Cauarcos*» (Cal Pardo 1999: 291) e no ano 1488 baixo a forma «*Sant Giliaao de Cabarcos*» (Cal Pardo 1999: 709), ámbalas dúas en textos da Catedral de Mondoñedo. Estas dúas últimas atestacións medievais indican que a evolución do topónimo daría na actualidade á forma *San Xullao* ou *San Xiao*, polo que o resultado actual *San Xulián* trátase dunha castelanización.

Segundo o NG, *Cabarcos* é un topónimo único na toponimia galega.

Calzada, A

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Calzada é unha voz que corresponde co lat. vug. *CALCIATA (DCECH s.v. *cal*) e que pode significar “camiño co pavimento de pedras” ou “parte dunha rúa ou dunha estrada reservada ó tránsito de vehículos, situada entre dúas beirarrúas ou beiravías” (DRAG).

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de San Xusto de Cabarcos o «*sito de la calzada*».

Existen un total de 23 lugares chamados *A Calzada* segundo o NG.

Campos, Os

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

O nome deste lugar é o plural da voz *campo* (< latín CAMPUS ‘chaira’) (DCECH), que significa “superficie extensa de terra máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo” (DRAG). Este último significado que relaciona a voz *campo* cun lugar dedicado ó cultivo é, segundo indica Corominas (DCECH), unha innovación romance.

No tocante ás súas atestacións, Noela Fernández (2 de maio de 2018) sinala que nun “mapa do 1748, que fai referencia a un preito entre Carlos e Gaspar Acevedo Pardo Taboada (...) podemos observar que esta zona se denominaba antigamente Campos da Pousada”.

O NG rexistra outros 26 lugares chamados *Os Campos*.

Cancela Vella, A

Lugar de San Pedro de Benquerencia

Este topónimo está formado polo substantivo *cancela* e o adxectivo *vella*. *Cancela* relaciónase co lt. *cancēllus* ‘rexa ou varanda enreixada’ (DCECH s.v *cancel*), mais por ser feminino derivaría de CANCELLA, e fai referencia a unha “porta formada por táboas ou paus separados entre si e unidos ós traveseiros, que pecha o paso a unha propiedade” (DRAG). *Vella* (para coñecer a súa etimoloxía véxase *Cabana da Vella, A*) significa “de hai tempo, do tempo pasado” (DRAG). Polo tanto, é probable que a denominación deste lugar se deba á existencia dunha cancela de certa antigüidade que pechaba unha propiedade.

A Cancela da Vella rexístrase no ano 1479 nun texto da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 455). Nel lese: «Yten diseron que a la cançela do rio onde chaman la *Cançela Vella*».

Malia se rexistrar este lugar só no concello de Barreiros, na toponimia galega son moi abundantes as localidades denominadas *(A) Cancela* ou *(As) Cancelas*, así como topónimos compostos que conteñen un destes dous substantivos (51 en total segundo o NG).

Canteiro, O

Lugar de San Pedro de Benquerencia

Canteiro é un derivado da voz *canto* ‘pedra, especialmente a empregada na construción, ou a solta e redondeada a forza de rodar a impulso da auga’, de orixe probablemente prerromana (DCECH s.v. *canto* III), e fai referencia á “persoa que ten por oficio labrar pedras para a construción” (DRAG), pero tamén pode significar “canto, recuncho” (DdD) ou tratarse dunha metáfora oronímica. Con todo, non se pode indicar con certeza a razón motivacional do seu nome.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG rexistra outros dous lugares así denominados.

Cañoto, O

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Un *cañoto* ou *canoto* é o “talo de certas plantas como a col, a pataca ou o millo”, pero tamén se denomina así á “parte do talo que queda pegada á raíz despois de cortar unha planta” (DRAG). Para esclarecer a súa orixe etimolóxica, cómpre indicar que esta voz deriva do substantivo *caña* do lt. CANNA (DECEH), co sufixo despectivo *-oto*

Este topónimo non se atestou en ningunha das fontes medievais e históricas consultadas.

No NG só se rexistra, á parte do aquí estudado, un lugar chamado *Cañoto* no concello pontevedrés de Crecente.

Carballo Branco, O

Lugar da parroquia de Celeiro de Mariñaos

O nome deste lugar é un fitotopónimo composto polo substantivo *carballo* “(*Quercus Robur*) Árbore caducifolia da familia das fagáceas, de gran tamaño (...) que ten como froito a landra sobre un longo pedúnculo” (DRAG), que procede da voz prerromana *carba* ‘mato espeso de carballos’ (DCECH s.v. *carba*), e o adxectivo *branco* “de cor branca, por oposición a outras máis escuras da mesma clase” (DRAG), que provén do xerm. BLANK ‘brillante’, ‘branco’ (DCECH). Así pois, a denominación desta localidade débese á existencia dun carballo branco no lugar. De feito, unha informante indica que tal nome é debido a que nese sitio había unha pequena porción de prado comunal na que plantaran carballos, dándose o caso de que un deles saíra branco.

Este topónimo rexístrase por primeira vez no Padrón de Barreiros de 1661, xa que nel cítase o lugar «*Carvallo blanco*». Posteriormente, tamén se rexistrará baixo a mesma forma no Catastro de Ensenada (1752), dentro da parroquia de Celeiro de Mariñaos.

O Carballo Branco é un topónimo composto que o NG só rexistra en Barreiros, mais os lugares chamados *Carballo* (e derivados) repítense en toda a toponimia de Galicia. En total, existen 109 entidades de poboación que teñen este nome, incluídos os topónimos compostos.

Casaldeite

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Casaldeite é un topónimo composto polo substantivo *casal* e o nome de posesor *Eite*, unidos mediante a preposición *de* (*Casal de Eite*). O primeiro elemento *casal* é un “derivado adxectivo en *-ale* ou *-are*, ‘relativo a’, a partir do radical *casa*” (Varela Sieiro 2008: 42), esta última voz proveniente do lt. *CASA* (DCECH). *Casal*, malia na actualidade significar “casa de campo con todas as súas terras e pertenzas” (DRAG), na Idade Media usábase “como unidade de base, centrada ao redor dunha familia, nas novas ocupacións de terra que efectúan os mosteiros e tamén potenciado polos señoríos en relación (...) coa detracción da renda en especie” (Varela Sieiro 2008: 44).

Con respecto ó segundo elemento *Eite*, unha boa explicación é a dada por Martínez Lema (2018: 30):

Este topónimo pódese explicar a partir dun antigo sintagma *CASA DE EITA* ou similar, onde *EITA* é un antropónimo probablemente emparentado co éuscaro *aita* ‘pai’ e *aitona* ‘padriño’ (Boullón 1999: 195). Trátase dun nome persoal moi ben documentado na antroponimia medieval do Noroeste peninsular (...).

Polo tanto, a denominación deste lugar posiblemente se deba á existencia dunha casa onde habitaría unha persoa chamada *Eita*.

Este topónimo atéstase por primeira vez no ano 1465 en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 1999: 593), nun documento no que se le o seguinte: «Rauco Petro de Meyrengos et Luppo de *Casallayte*». Séculos máis tarde vólvese atestar, pero baixo unha segmentación defectuosa, segundo recolleu Noela Fernández (2 de maio de 2018), a cal indica:

A primeira referencia que aparece deste barrio é do ano 1668, ano no que hai unha disputa entre os párrocos de San Miguel e de San Pedro, ambos querían disfrutar das rendas do Casal de Ite (...).

Outra das referencias que temos data do ano 1732 e pertence ao Arquivo Histórico Nacional sobre os libros que reflicten as pertenzas do convento de Vilanova no pobo de San Miguel de Reinante.

Partida 24 (*del Memorial*)

Item en dicha feligresia de San Miguel la casaria y lugar que llama do torneiro la cual es el Lugar de Casal de Yte (...).

En Galicia existen máis de 200 lugares chamados (*O*) *Casal* (e compostos), pero o NG soamente rexistra *Casaldeite* no concello de Barreiros.

Celeiro de Mariñaos (Santa Cristina)

Parroquia do concello de Barreiros

Este topónimo está formado polos substantivos *celeiro* e *mariñaos*. *Celeiro* designa un “sitio onde se gardan as colleitas” (DRAG) ou un ““depósito de provisións” (e) foi *cellarium* en latín, formado por *cella* ‘cela’” (Ares Vázquez 2012-2013: 500). *Mariñaos* é o plural da forma *mariñaio*, que procede da voz latina MARE ‘mar’ (DCECH), e fai referencia á “persoa natural ou habitante da Mariña luguesa” (DRAG).

Cítase «Villa *Celeyro*» e «Uilla *Celleiro*» (TLourenzá) no ano 969. Posteriormente, tamén se citan as formas «*Celario*» en 1106 (TLourenzá), «Uilla *Cellario*» (TLourenzá) en 1064 e «*Petrus Pelaiz de Celeiro*» (TLourenzá) en 1167. Por último, nun texto do ano 1452 da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 379) rexístrase a forma «*Santa Christina de Çeleiro de Molinaos*».

Tamén cómpre mencionar que a segunda parte deste topónimo, que é *Mariñaos*, cítase no ano 1106 (TLourenzá) baixo a forma *Morinianos*:

«Cum ipsa uilla de Masma et iacet ipsa hereditate ripa flumen Masma, leuat se de illo ponte de *Morinianos* et inde per ille calse de ipsa carriile que uenit de *Celario* pro ad marina et inde per penna lousendi»

De feito, no índice toponímico do Tombo de Lourenzá (Rodríguez González / Rey Caíña 1992) indícase que esta era unha comarca pertencente ó concello de Barreiros e que se atopaba cerca de Celeiro.

Celeiro de Mariñaos é un topónimo composto unicamente rexistrado en Barreiros. (*O*) *Celeiro*, *Celeiros* e compostos son os nomes doutras dez localidades galegas, así como (*O*) *Mariñaio* e (*Os*) *Mariñaos*, que son as denominacións de cinco entidades, segundo recolle o NG.

Cortiñas, As

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Cortiña era o nome que se lle daba a un terreo determinado, normalmente a aquel que estaba “próximo á casa de labranza, xeralmente valado e de pequenas dimensións, dedicado fundamentalmente ó cultivo de cereais, hortalizas ou patacas” (DRAG). Provéen do latín COHORTINA, derivado do lt. COHORS ‘recinto’ (DCECH).

Nas fontes medievais e históricas consultadas non se atoparon referencias a este topónimo.

O NG rexistra dez lugares así denominados.

Corveiro, O

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Un *corveiro* é un “lugar donde abundan o habitan los cuervos” (Porto Dapena 1985: 524). Trátase dun derivado do substantivo *corvo* (< latín CŌRVUS) (DCECH) mediante o sufixo *-eiro*, co significado de ‘lugar onde abunda algo’.

O Catastro de Ensenada (152) cita na parroquia de San Xusto de Cabarcos o lugar de «*Corbeiro*».

No NG rexístrase un lugar chamado *Corveiro* en Cedeira e outro denominado *Corveiros* en Friol.

Coto

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

A voz *coto* designa a “parte máis alta dun monte, que ten forma cónica” (DRAG) e provén do lt. CAUTUM, neutro de CAUTUS ‘asegurado’, o participio pasivo de CAVĒRE ‘ter coidado, gardarse (de algo)’ (DCECH s.v. *coto* 1). Ademais, Méndez Fernández (2016: 51) sinala que “en ocasións producíronse confusións entre os topónimos *Coto* e *Couto* xa que este último foi castelanizado como *Coto* e o primeiro corrixido para *Couto* por creerse un castelanismo”.

Cómpre sinalar que alén de ser o nome dun lugar tamén se denomina así á praia (de 800 metros de lonxitude) que se sitúa nesta entidade. Esta praia conta cun pequeno barranco duns dous metros de altura aproximadamente que culmina nunha zona superior cuberta totalmente de herba. Aínda que dende terra esta elevación apenas se percibe, agás dende un punto en concreto onde se aprecia un pequeno acantilado, a realidade é que

dende o mar é claramente visible. Polo tanto, unha posible hipótese é que se lle puxese este nome sendo visto dende o mar ou dende a propia praia.

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de San Pedro de Benquerencia o lugar de «*Coto*».

(*O*) *Coto* é o nome de 171 lugares segundo o NG.

Couto, O

Lugar da parroquia de Cabarcos

Couto (véxase a entrada *Coto*) fai referencia a un “terreo ou conxunto de terreos delimitados e reservados para algunha actividade” (DRAG).

Este topónimo atéstase no ano 1467 en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 448), xa que se cita a un tal «Juan do *Couto*».

No NG rexístranse 86 lugares así chamados.

Cruz, A

Lugar da parroquia de Reinante

O topónimo *A Cruz*, descendente semiculto do lt. CRŪX, CRŪCIS, ‘cruz’, ‘picota’ (DCECH), “está nunha ostensible encrucillada ou cruz de camiños” (López Boullón 2019 : 64) e é o nome doutros 73 lugares segundo o NG.

Non se atoparon atestacións desta entidade nas fontes medievais e históricas consultadas.

Cruz do Lobo, A

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Este topónimo está formado polo substantivo *cruz* (véxase a entrada *Cruz, A*) e o substantivo *lobo* (< latín LŪPU) (DCECH), que fai referencia ó “mamífero carnívoro salvaxe da familia dos cánidos, de cor parda agrisada, orellas curtas e ergueitas e rabo longo e peludo” (DRAG).

A atestación máis antiga deste lugar pertence a textos da Catedral de Mondoñedo e data no ano 1479. Nela pódese ler o segundo elemento en feminino, mais refírese ó topónimo actual, xa que está dentro da parroquia de San Cosme de Barreiros: «et commo viene para la / *Cruz da Loba* et de otra parte topa en la lagoa de Villadeelle» (Cal Pardo 2006: 450).

A Cruz do Lobo é un topónimo composto que o NG só rexistra en Barreiros, malia os substantivos *Cruz* e *Lobo* seren moi empregados noutros topónimos compostos coma *Cruz de Beira*, *Cruz de Sar*, *Castiñeiro de Lobo*, *Fonte do Lobo*...

Cruz Pequena, A

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

O topónimo *A Cruz Pequena* está formado polo substantivo *cruz* (véxase a entrada *Cruz, A*) e o substantivo *pequena* “de pouco tamaño, extensión, duración, volume, estatura etc.” (DRAG), cuxa orixe reside na voz latina vulgar de creación expresiva PITINNUS (DCECH).

Non se atoparon atestacións antigas nin medievais deste entidade.

O NG só recolle este topónimo composto no concello aquí estudado e *Pequena* como o segundo elemento dun total de vinte denominacións tamén compostas.

Curro, O

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Un *curro*, voz proveniente do radical prelatino **corr-* ‘cercado, de forma circular’ (Krüger 1956: 137-139), é un “curral, xeralmente de pequenas dimensións” (DRAG) e constitúe o nome doutros 32 lugares segundo o NG.

Noela Fernández (2 de maio de 2018) atesta por primeira vez este topónimo nun documento do ano 1675. Trátase do seguinte:

dunha venta que fixo Don Salvador Menéndez de Navia y Villamil (propietario e máis probable promotor do Pazo de Outeiro). Tras unha referencia dos bens que vende no punto número sete aparece o nome deste barrio facendo referencia a un muíño.

“*Con mas el directo dominio y propiedades del molino do Curro sitio en San Miguel de Reinante (...)*”.

Eiras, As

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

A voz *eiras* é o plural do substantivo *eira*, que designa un “sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc.” (DRAG). Procede do lt. ARĒA ‘solar sen edificar’ (DCECH).

Con respecto ás súas atestacións, en textos da Catedral de Mondoñedo cítase no ano 1307 a un tal «*Pedro Eanes das Eyras*» (Cal Pardo 2005: 136) e no ano 1479 lese o

seguinte: «et que siempre vieran el terreiro chamar los omnes de las *Eiras*» (Cal Pardo 2006: 450).

No NG rexístranse doce lugares chamados *As Eiras*.

Entrerríos

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Este topónimo refírese a un lugar situado entre dous ríos. Está formado pola preposición *entre* “no medio de, no interior de” (DRAG), do lt. ĪNTER (DCECH), e o plural do substantivo *río* “curso natural e permanente de auga doce” (DRAG), que provén do latín RĪVUS ‘regato’ (DCECH).

No Catastro de Ensenada (1752) cítase na parroquia de San Miguel de Reinante o lugar de «*tras os ríos*», que moi posiblemente aluda ó *Entrerríos* actual, aínda que non se pode afirmar con absoluta certeza.

O NG rexistra un total de oito lugares así denominados.

Escanlar, O

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Aparentemente non é unha forma pertencente ó léxico común, xa que os dicionarios actuais non recollen esta voz, aínda que na toponimia si que é unha forma existente, pero non frecuente, pois o NG soamente rexistra outros catro lugares así denominados, todos na provincia de Lugo.

Con respecto á súa orixe, a hipótese de Ares Vázquez (2012-2013: 1192) é que *Escanlar*:

podería ser un lugar de moita *scandula* ‘especie de trigo’ (San Isidoro, *Etym.* 17,3,11), que nun doc. galego de 1266 noméase *scanla* (DCELC v. Escanda). Sen embargo Joseph M. Piel (*STF* 601) di: “*Escanlar* (deriv. De *squalidus* ‘escajo’. En docs. Astur-leoneses constan as formas “*scanda*, *escandula*, *escanla*, *eskalida*, *eskantla*, *iskanla*, *scallida*, *scanla*, *scanlla*” (*LHP*; DAL 261).

Tendo en conta isto, pódese dicir que, posiblemente, a orixe etimolóxica de *O Escanlar* teña que ver cunha destas dúas propostas, facendo a de Piel referencia ó nome dun tipo de terra aínda sen cultivar. Así pois, o topónimo aquí estudado relacionárase cunha delas, aínda que non se pode indicar con certeza a causa motivacional do xurdimento desta denominación. Neste estudo considerárase como un orotopónimo.

Non se atoparon atestacións deste topónimo nas fontes medievais e históricas consultadas.

Espiñeira, A

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Este fitotopónimo é un derivado da “voz *espiño* (< lat. SPĪNU)” (Navaza 2006: 244) “arbusto espiñoso bravo, do que hai distintas variedades, con froitos que poden ser comestibles ou non” (DRAG), co sufixo abundancial *-eira* (< latín *-ARIA*). Así pois, este lugar caracterizaríase por ser abundante en espiños.

En textos da Catedral de Mondoñedo cítase no ano 1395 a «ponte da *Espyneyra*» (Cal Pardo 2006: 104) e no ano 1410 lese «a *Espineyra*» (Cal Pardo 2006: 446).

No NG rexístranse dezaoito lugares chamados *A Espiñeira*.

Estrada, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

A Estrada, do lt. STRATA O STRATA VIA ‘camiño empedrado’, participio feminino do verbo STERNĒRE ‘tender polo chan’ (DCECH s.v. *estrado*), é un topónimo que significa “vía destinada á circulación de vehículos e automóbiles” (DRAG), ou sexa, “referido a unha estrada antiga que pasaría pola localidade” (Cabeza Quiles 2018: 68).

Nas fontes medievais e históricas consultadas non se rexistrou este topónimo.

Segundo o NG, tamén se chaman así outros 40 lugares.

Fachas, As

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Fachas é o plural de *facha* que, procedente dunha alteración do lat. FACŪLA ‘facho pequeno’ (diminutivo de FAX, -CIS ‘facho’) (DCECH), significa “presa de palla atada que se acende para alumar” (DRAG) ou “hacha, raja de leña para quemar” (DdD). Destes dous significados, é probable que faga referencia ó primeiro, xa que tamén é a denominación dun monte que conta cun xacemento arqueolóxico, polo que se podería considerar que fai alusión a un lugar alto no que, con presas de palla, se prendían fachas a modo de sistema lumínico e para enviar sinais, tal e como sinala Sánchez-Pardo (2014: 419) como razón motivacional para os topónimos galegos *Facho*, *Facha* e *Meda*. Porén, ó non ter constancia disto non se pode afirmar con absoluta certeza.

Non se atoparon atestacións deste lugar nas fontes medievais e históricas consultadas.

No NG só se rexistra outro topónimo denominado *Fachas* en Mesía.

Feal da Paula, O

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Este topónimo está formado polo substantivo *feal* “terreo onde medra ou se sementa o feo” (DRAG), que é un derivado da voz *feo* “por medio do sufixo -ALE, FĒNALE, que dá as variantes *Feal / Fial*” (Navaza 2006: 257), e o nome de posesor *Paula*. Este último é un nome feminino proveniente do nome latino PAULUS que “além de ser cognome romano usado especialmente na «gens» AEMILIA (...) tornou-se, debido ao Apóstolo, un dos nomes cristiños mais populares.” (Piel 1947: 345). Polo tanto, estaríamos perante un lugar onde habería ou hai posiblemente un feal que lle pertencería a unha persoa chamada Paula.

O Feal da Paula non se atestou en ningunha das fontes medievais e históricas consultadas.

O NG só rexistra este topónimo composto en Barreiros, pero o substantivo *feal* é común na toponimia galega (rexístranse outros 22 lugares), tamén como primeiro ou segundo elemento doutros topónimos compostos.

Feás de Moreda, Os

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Este topónimo está composto polo substantivo *feás* que é o plural da voz *feal* (véxase a entrada *Feal da Paula, O*), e o antropónimo *Moreda*. Este último é un apelido que ten orixe fitonímica, xa que unha *moreda* é un lugar “abundante en *morum* “amora”” (Ares Vázquez 2012-2013: 424). De feito, Navaza (2006: 355) indica o seguinte:

A tradición filolóxica española vén explicando a partir do lat. MŌRU, MŌRA os topónimos *Moreda*, *Morera*, *Moreruela*, *Moral*, *Moraleja*, etc. do dominio lingüístico castelán, e fai extensible a explicación ás correspondentes *Moreira*, *Moreda* galegos (Nieto Ballester, 1997, 246-247).

Polo tanto, “os topónimos *Moreiras*, *Moreda*, *Morás* han de ser polo regular fitonímicos, alusivos á moreira, ás amoras e se cadra tamén a outros froitos silvestres semellantes” (Navaza 2006: 357), mais, neste caso, a denominación deste lugar vén dada pola existencia de feais pertencentes a unha persoa apelidada Moreda.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

Os Feás de Moreda é un topónimo composto que o NG só rexistra en Barreiros. Porén, *(Os) Feás* tamén é a denominación doutros doce lugares, incluídos aqueles topónimos que a conteñen como primeiro ou segundo elemento do composto: *Feás de Arriba* (Co), *Casal de Feás* (Ou).

Ferrería, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Unha *ferrería* ou *ferraría* é o “taller onde traballa o ferreiro” (DRAG) e posiblemente aquí se traballase o ferro extraído da mina chamada “Cova da Veneira”, situada en San Miguel de Reinante (Noela Fernández 2 de maio de 2018). Trátase dun derivado de *ferro*, (< latín FĒRRU) (DCECH), mediante o sufixo *-ería*, que significa ‘lugar onde se realiza unha acción’.

En textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 445) este topónimo aparece atestado no ano 1410 baixo a forma «campo de *Ferreira*». Posteriormente, tamén se cita no Catastro de Ensenada (1752), dentro da parroquia de San Miguel de Reinante, baixo a mesma forma «*ferreira*», polo que se pode supoñer que o cambio de nome é máis tardío.

O NG rexistra 21 lugares con este nome.

Fixoucos

Lugar da parroquia de Cabarcos

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Fixoucos é un derivado de *foxo* (< latín FŎVEA ‘furado, escavación’) (DCECH) “cavidade relativamente pequena e de forma arredondada que se fai no terreo” (DRAG) mediante o sufixo prerromano *-oucos*. Trátase dunha evolución (*Foxoucos* > *Fixoucos*) na que aparición da vogal [i] se produciu debido á palatalización da vogal átona [o] por ocupar esta unha posición pretónica seguida dunha consoante palatal (o mesmo aconteceu coa palabra *filloa*: FOLĬŎLA > **folloa* > *filloa*) (Martínez Lema 2015: 1282-1283).

O Catastro de Ensenada (1952) cita nas parroquias de Cabarcos e San Xusto de Cabarcos o topónimo «*fixoucos*».

Na toponimia galega rexístranse varios topónimos que presentan esta terminación, entre eles “*Masoucos*, que rima co pontevedrés *Badoucos*, o ourensán *Roucos* e cos

lucenses *Fixoucos e Penoucos*” (Ares Vázquez 2012-2013: 702). Con todo, *Fixoucos* é un *unicum*, xa que o NG só rexistra este topónimo no concello de Barreiros.

Fontela

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Fontela significa “fonte pequena” (DRAG) e deriva da voz *fonte*, do lt. FÖNS, -TIS (DCECH), que pasou a FONTANA e deste a FONTANELLA.

Alén dun lugar, actualmente tamén é o nome dunha praia e cítase por primeira vez no ano 1295, nun texto da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2005: 94) no que se le o seguinte:

«obligaron por estes morabetinos ia dictos a esse cabidoo a sua vinna da *Fontaella* (Cf. doc. 358) que iaz cabo da pumarega de don Pedro Rodriguez o coygo con sua herdade et con todas suas aruores commo esta uallada arre/dor et o seu quarto da vinna de Su Castro»

Posteriormente, tamén en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2005: 318), mais no ano 1343, lese: «Francisci Eanes coengo da dita iglesia diso que el tinna rendada do dito cabidoo a vinna da *Fontaella*».

Fontela é o nome de 39 lugares segundo o NG.

Foro, O

Lugar da parroquia de Reinante

Existen múltiples significados de *foro*, do lt. FÖRUM ‘recinto sen edificar’, ‘a praza pública’ (DCECH), mais cómpre mencionar o de “propiedade cedida a cambio do pagamento do canon foral” (DRAG). Así pois, esta é unha voz complexa semanticamente, xa que Xulia Marqués (2004: 546) sinala:

En Galicia, o *foro* tomou o valor de ‘dominio directo sobre unha propiedade’, logo ‘contrato polo cal se cede esta posesión’ e ‘dereito que por iso se paga’.

O sistema de *foros* impuña o pagamento dunha renda anual que se satisfacía en especie. Os topónimos xurdiron en terras sometidas a tal gravame.

Non se atoparon atestacións deste lugar nas fontes medievais e antigas consultadas.

No NG rexístranse cinco lugares denominados (*O*) *Foro*.

Gondán

Lugar da parroquia de Cabarcos

O topónimo *Gondán*, así como outros topónimos lucenses semellantes foneticamente (*Gondar, Gontá, Gontán...*), proveñen da raíz gótica *gonta*, que significa ‘combate’ (Piel / Kremer 1976: 171).

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de Cabarcos o lugar «*de gondán*» que, ademais, segundo o NG é un *unicum*.

Granda, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Granda é unha variante (formada por metátese do /r/ e caída da vogal postónica) do substantivo *gándara*, que fai referencia a un “terreo baixo, areento, húmido e improdutivo onde só medra a maleza” (DRAG). Con respecto á súa orixe, esta reside na voz prelatina “*ganda* ‘acumulación de pedras ou rocas; lugar, caeira chea de pedras ou rocas’” (Búa 2019: 52).

O Catastro de Ensenada (1752) rexistra o lugar «*da Granda*» na parroquia de San Miguel de Reinante.

No NG recóllense outros dezaseis lugares así denominados.

Grandas, As

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Grandas é a forma en plural de *granda* (véxase a entrada *Granda, A*) e nas principais fontes medievais e históricas consultadas non se atestou este topónimo.

Segundo o NG, este plural *As Grandas* só se rexistra no concello de Barreiros.

Ibia

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

A voz *Ibia* podería tratarse dun hidrotopónimo e para a súa explicación etimolóxica cómpre aludir á do veciño río Eo, xa que Edelmiro Bascuas (2008: 537-538) sinala o seguinte:

el Eo ha de ser *E-ube*, con la /b/ de *Iube*. El primer elemento puede analizarse como el resultado final de un tema nominal **oi-wo-*, ant, indio *éva-* ‘corriente, camino’, de la raíz **ei-*, lat, *ire* ‘ir’.

De outra forma de la raíz, (...), deriva probablemente el río *Ibias* (afl, del Navia) y *Ibor* (afl, del Tajo), en alternancia con el altoaragonés *ibón* ‘lago de montaña’. Es una formación con la raíz en grado pleno /e/ + sufijo -vo-: *eiv-, y con un cierre del diptongo comparable al del latín *deico* < *dico*.

Polo tanto, o lugar de *Ibia*, en cuxa orixe se xoga co tratamento da raíz /ei/ > /ĩ/, podería considerarse un hidrotopónimo, xa que esta entidade de poboación sitúase “entre o nacemento de dous pequenos ríos” (Bascuas 2014: 370).

A atestación máis antiga deste topónimo é do ano 969 e atópase no Tombo de Lourenzá. Nela pódese ler o seguinte:

«se in uia qua egrediens de Vallebria ad Laurenzana unque ad Pigneiro unde in directo ad Sancto Laurencio unde ad *Ibia* et per iuga montis super Coarcos uia que uadit inter sancto Iusto et Rio Malo usque ad aqua Lidon in »

Posteriormente, no ano 1087 tamén se atopa un documento pertencente ó Tombo de Lourenzá no que le: «et per iuga montis usque Coarcos uia que uadit inter Sancto Iusto, usque ad mamulas Sancti Iusti et per iuga montis usque *Ibia*».

O NG só rexistra, alén do do concello de Barreiros, tres lugares denominados así, mais introducidos polo artigo *a* nos concellos de Arteixo, A Cañiza, e Melón. Tamén se rexistra este topónimo no occidente asturiano.

Insua, A

Lugar da parroquia de Cabarcos

Unha *insua* é unha “pequena illa no curso dun río” (DRAG) e “é o resultado galego do latín *INSULA* ‘illa’” (Navaza 2014: 157). Porén, neste caso fai alusión a unha propiedade á que se ten acceso unicamente por un dos seus lados debido á súa situación (Navaza 2014: 157).

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de Cabarcos o lugar «*dela Ynsua*».

No NG rexístranse outros 21 lugares así chamados.

Igrexa, A

Lugar de San Xusto de Cabarcos

Unha *igrexia*, descendente semiculto do lat. vg. *eclēsĭa*, lat. *ecclēsĭa* ‘reunión do pobo’, ‘assemblea dos primeiros cristiáns para celebrar o culto, ‘lugar onde este se celebra’ (DCECH), é un “edificio destinado á reunión dos fieis cristiáns para o exercicio do culto da súa relixión” (DRAG) que normalmente está presente en moitos lugares que conforman

un concello, “de aí que se escolla como denominación de moitas entidades de poboación” (Marqués Valea 2018: 69).

Non se atoparon referencias a este lugar nas fontes medievais e históricas consultadas.

Este é un topónimo moi abundante na toponimia galega, xa que no NG se rexistran 349 lugares chamados *A Igrexa*.

Ladrído

Lugar de San Xusto de Cabarcos

Sinala Ares Vázquez (2012-2013: 1195) que *Ladrído* sexa posiblemente un fitotopónimo. Así pois, de acudirnos á *Fitotoponimia galega* (2006) de Navaza, este estudoso inclúe esta voz como unha forma que provén de *lodeiro*, tamén *lodairo* ou *ladairo* (<latín *LOTANARIU), que son as denominacións galegas da “árbore chamada *lotus* en latín” (Navaza 2006: 317). Deste xeito, *Ladrído*, cuxa terminación en *-ido* se documenta en Galicia ó lado da terminación *-edo*, “podería tratarse dun derivado de LATU ou de LATERALE (...) co sufixo correspondente a -ĒTU” (Navaza 2006: 321).

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de San Xusto de Cabarcos o lugar «*de Ladrído*».

No NG só se rexistra outro topónimo con esta denominación en Meis.

Lóngara

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Lóngara fai referencia a unha “finca o parcela de terreno de forma alargada” (DdD). Está composta pola base léxica latina LONGA (DELL) e o sufixo perromano -ĀRA, que ó deixar de ser produtivo na época prerromance foi substituído por -ELLO e seu correspondente feminino en -ELLA.

Neste caso, tamén é o nome que recibe unha praia que conta aproximadamente con 800 metros de lonxitude, polo que a denominación podería provir de aquí.

Lóngara aparece no ano 1479 baixo a forma «*Longaras*» (Cal Pardo 2006: 450) en textos da Catedral de Mondoñedo.

No NG rexístranse tres lugares chamados (*A*) *Lóngara* e outro (*As*) *Lóngaras*.

Martices, Os

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Este topónimo está formado polo apelido *Martiz*, que é o patronímico de *Martinus*, “derivado de *Mars, Martis*” (Ares Vázquez 2012-2013: 775). Así pois, a partir deste nome formaríase o apelido *Martiz* (*martiniz* > *martiñz* > *martiz* / *martís*) e o seu conseguinte plural *Martices*. Polo tanto, este lugar actualmente recibe este nome xa que posiblemente alí viviría ou vivirían os descendentes dunha persoa chamada *Martín*.

Non se atoparon atestacións deste topónimo nas fontes medievais e históricas consultadas.

O NG rexistra sete lugares denominados *Os Martices*.

Matomaior

Lugar da parroquia de Cabarcos

Este topónimo está composto polo substantivo *mato* “terreo con maleza e sen cultivar” (DRAG) e o adxectivo *maior*, do lat. MAJOR, -ORIS, íd., comparativo de MAGNUS ‘grande’ (DCECH), co significado de “que excede a outro ou outros en calidade, idade, intensidade etc.” (DRAG). No que respecta á etimoloxía de *mato*, así como do seu feminino *mata*, segundo Navaza (2006: 333), “son de orixe prelatina e (...) a oclusiva xorda intervocálica esixe un étimo *MATTA, *MATTU”.

Nas fontes medievais e históricas consultadas non se atestou este topónimo.

Matomaior é un topónimo composto que se rexistra só no concello de Barreiros. Porén, *mato* e *maior* son denominacións frecuentes na toponimia galega, pois segundo o NG existen outros 80 lugares denominados (*O*) *Mato* e sintagmas compostos e 66 localidades que teñen *maior* como segundo elemento do composto.

Morteiro, O

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Un *morteiro*, segundo o DRAG é “cada unha das porcións en que se retalla unha horta para plantar unha determinada clase de hortalizas”. Esta voz provén do lat. MORTARIUM (DCECH).

O Morteiro é un *unicum*.

Nogueiredo

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Este topónimo fai referencia a un lugar poboado de nogueiras. Trátase dun derivado da voz *noz* (< latín NUX, NŪCIS‘noz’) (DCECH) mediante a combinación dos sufixos abundanciais *-eir-* e *-edo*, polo que estamos perante un derivado “con dupla sufixación en -ARIA/-U e -ĒTU/-A” (Navaza 2006: 378).

Este topónimo atéstase no ano 1410 en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 445), pois lese o seguinte: «Iten outra leyra que jas enno / *Nogueirido*». Segundo esta atestación, parece ser que *Nogueiredo* presentaba a terminación *-ido*, conservado na zona no fitotopónimo *Ladrido* e no orotopónimo *Pedrido*. Posteriormente, “no 1800 xa existía como barrio ao xuzgar polos libros de bautismos e defuncións da parroquia que repiten o nome da Quinta de Nogueiredo” (Noela Fernández 2 de maio de 2018).

Rexístrase *Nogueiredo* tamén nos concellos de Lourenzá, Arnoia e Castrelo de Miño, segundo o NG.

Novás

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Novás é o plural de *noval*, un cultismo procedente do latín *novalis* (DCECH s.v. *nuevo*), que é un derivado de *novus* (< latín NOVALE, derivado de NŌVUS) (DCECH). Esta voz fai referencia “a las tierras que se cultivan de nuevo o por primera vez” (DdD), pero dende “a Idade Media aplicouse (...) como sinónimo de *anovado* ‘parcela de monte convertida en terreo cultivable’” (López Boullón 2019 :73).

No Catastro de Ensenada (1752) cítase na parroquia de San Xusto de Cabarcos un tal «Juan Rodríguez, el de *Novás*».

É un topónimo que se repite en 22 lugares segundo o NG.

Obra Pía, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Este topónimo está formado por dous compoñentes: *obra*, do lat. ŌPERA ‘traballo, obra, labor’, derivado de ŌPUS, -ĒRIS ‘obra, traballo’ (DCECH), co significado de “aplicación da actividade humana a un fin” (DRAG), e *pía* que, a simple vista, poderíase asociar coa voz latina “PĪLA ‘obxecto cóncavo de pedra ou outra materia onde cae ou se bota auga’

(DCECH), mais neste caso non fai referencia a un recipiente cóncavo, senón que se aplica a “propiedades que pagaban renda destinada a unha Obra Pía ou fundación relixiosa” (Cabeza Quiles 2018: 124).

A denominación deste lugar vén dada pola existencia dunha escola de fundación de primeiras letras cuxo doante foi Felipe de Soto, segundo afirma Noela Fernández (2 de maio de 2018) que, ademais, indica que:

Felipe de Soto faleceu baixo testamento outorgado na cidade de México o 13 de marzo de 1709 (...), polo cal legaba as rendas de diversos bens da súa propiedade, co fin de construír un capital que servira para fundar e sostener unha Escola gratuita de nenos no pobo referido, e para levantar determinadas cargas piadosas.

Na documentación histórica e medieval maioritariamente empregada no presente traballo non se atoparon atestacións deste topónimo. Porén, a data de fundación desta escola chéganos por medio de:

La Gaceta de Madrid (...) e os Libros de Fábrica da Parroquia de San Miguel.

En La Gaceta de Madrid do día 29 de xaneiro de 1925 temos unha disposición que nos fala da xénese da citada fundación no ano 1709 e da situación na data citada. En resumen esta disposición di:

“Que visto o expediente de clasificación da Fundación instituída en San Miguel de Reinante por D. Felipe de Soto”;

Mandato do 10 de agosto do 1753 do Obispo Antonio Riomol Quiroga trala visita pastoral (Libro de Fábrica)

“habiendo visitado la casa escuela Fundación Pía. Halló la pieza o sala que sirve para los niños, ocupada con camas y otras cosas que no se corresponden a aquel lugar si no al cuarto que el tiene para su habitación cuando S. S. que este saque de allí todo lo referido y que el párroco ponga banco para escuchar los muchachos”. (Noela Fernández 2 de maio de 2018).

A *Obra Pía* é un topónimo composto que o NG só rexistra en Barreiros, mais *obra* e *pía* son voces empregadas na denominación doutros lugares, sobre todo en sintagmas compostos.

Outeiro, O

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

É un topónimo moi común en toda Galicia (324 lugares chámanse así segundo o NG) que fai referencia a unha “pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión” (DRAG). *Outeiro* ten orixe no “latín *altarium*, palabra rehecha sobre *altaria* y adoptada por la

lengua de la Iglesia (...) que habría cambiado su significado [‘altar’] por el de ‘lugar elevado’” (Álvarez Maurín 1994: 88).

Este lugar cítase nun documento sen data no que se le «in heritate tota de *Oucteyro* dis istu usque in lagu mortu, directo do moesteyro» (TLourenzá)), mais non se pode indicar con absoluta certeza que se refira ó lugar aquí estudado. En cambio, en textos da Catedral de Mondoñedo cítase no ano 1290 «et hereditatem de Preguntoiro que iacet in perochia Sancti Petri de Villaplana et casale de *Outeiro*» (Cal Pardo 1999: 115) e cítase «*Outeyro*» (Cal Pardo 2006: 379) no ano 1452.

Pallares

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

A voz *pallares* é o plural de *pallar*, que pode designar, segundo recolle o DRAG, un “terreo que queda cuberto de canas de cereal despois da sega” ou un “lugar onde se garda a herba seca e a palla e tamén os apeiros e o carro”. Trátase dunha voz que “provén do adxectivo latino *palearis*, -are (e *palealis*, -ale) con base en *palea* ‘palla’” (Ares Vázquez 2012-2013: 1076). Polo tanto, este lugar posiblemente se relacione cunha extensión de terreo dedicado ó cultivo e a sega de cereais ou para gardar a palla e outros apeiros.

Non se atoparon atestacións deste topónimo nas fontes medievais e históricas consultadas.

O NG recolle con este nome outros tres lugares, un no concello de Agolada e os outros dous nos concellos lugueses de Guntín e Monforte de Lemos.

Pasadas, As

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

O topónimo *As Pasadas*, singular de *pasada* ‘acto de pasar’, provén do verbo *pasar*, do lat. *PASSARE (DCECH). Neste caso, é a denominación tanto dun lugar coma dunha praia e presenta os significados de “acción de pasar dunha parte a outra” (DRAG) e “‘porto, lugar por onde un camiño atravesa unha corrente fluvial’” (López Boullón: 2019: 26).

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de San Miguel de Reinante o lugar «*das Pasadas*».

O NG rexistra o topónimo *As Pasadas* en Barreiros e (*A*) *Pasada* e sintagmas compostos noutros catro concellos. En xeral, na “toponimia galega son comúns os termos

da familia de *paso* e *pasar* que designan lugares por onde un camiño cruza un río: *O Pasal, Os Pasás, Os Pasais, Os Pasos, Pasares, Pasarón...*” (López Boullón 2019: 26).

Pedregás, Os

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

É a forma plural do substantivo *pedregal*, que fai referencia a un “terreo cuberto de pedras” (DRAG). Trátase dun derivado abundancial (ó igual que *pedreira*, *pedregueira* e *pedral*) de PĚTRA ‘rocha’ que contén o infixo *-eg-* (DCECH).

En textos da Catedral de Mondoñedo cítase no ano 1479 o seguinte: «Yten vna leira que chaman do *Pedregal*» (Cal Pardo 2006: 450).

O NG rexistra outros tres lugares chamados (*Os*) *Pedregás* nas Pontes de García de Rodríguez, en Castro de Rei e no Corgo.

Pedreira, A

Lugar da parroquia de Cabarcos

Véxase a entrada *Pedregás, Os*.

Non se atoparon atestacións deste topónimo nas fontes medievais e históricas consultadas.

A Pedreira é o nome doutros 82 lugares segundo o NG.

Pedrido

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Pedrido é un derivado abundancial de *pedra* mediante o sufixo *-ido* e fai referencia a un “sitio en que abundan las piedras pequeñas” (DdD). Para información máis detallada véxase a entrada *Pedregás, Os*.

Nos se atestou este topónimo nas fontes medievais e históricas consultadas.

O NG rexistra outros trece lugares chamados (*O*) *Pedrido*.

Pena, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

O substantivo *pena*, proveniente do lat. PĪNNA ‘amea’ tamén ‘pluma’ (DCECH), fai referencia a unha “pedra de gran tamaño que sobresaia na terra ou no mar de forma

natural” (DRAG). Polo tanto, o lugar denomínase así debido a existencia no mesmo dunha pedra de gran tamaño.

Nas fontes medievais e históricas consultadas non se atestou este topónimo.

No NG rexístranse co nome de (*A*) *Pena* outros 124 lugares.

Pena da Salsa, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Este topónimo está formado polo substantivo *pena* (véxase a entrada *Pena, A*) e o substantivo *salsa*, que significa “auga do mar” (DRAG). Polo tanto, fai referencia a un lugar costeiro onde hai unha pena bañada pola auga do mar.

«*Peña (...) de salsa*» cítase no Catastro de Ensenada (1752) dentro da parroquia de San Pedro de Benquerencia.

O NG rexistra *Pena da Salsa* en Barreiros e (*A*) *Pena*, (*As*) *Penas* e topónimos compostos noutros 388 concellos galegos.

Picota, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Unha *picota* é a “parte superior dun monte pouco elevado” (DRAG). Trátase dun derivado, mediante o sufixo despectivo *-ota*, da voz *pico* no sentido de ‘punta’ (DCECH s.v. *picota*) que, á súa vez, non se trata dun deriv. do verbo *picar*, senón do celta BECCUS, que en moitas partes sufriu o influxo fonético daquel verbo, pasando primeiro a *bico*, e logo a *pico* (DCECH s.v. *pico*).

Nos se atestou este topónimo nas fontes medievais e históricas consultadas.

O NG rexistra catorce lugares así chamados.

Pozo Mouro, O

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Este topónimo está composto polo substantivo *pozo* e o adxectivo *mouro*. *Pozo* provén do lat “PUTĒUS ‘pozo’ (DCECH) e pode designar, segundo o DRAG, unha “escavación fonda e estreita que se fai no chan para atopar auga e que serve tamén de depósito para ela” ou un “lugar no curso dun río, de augas tranquilas e profundas”. *Mouro*, proveniente do lat. MAURUS ‘escuro’ ‘negro’ (DMLBS), significa “de cor escura” (DRAG). Polo tanto, e tendo en conta que por esta entidade de poboación pasa o río Masma, é probable que a súa

denominación faga referencia a un lugar onde as augas, debido á súa profundidade, semellen mouras.

Pozo Mouro cítase en dous textos da Catedral de Mondoñedo. Un é do ano 1379 e nel obsérvase un sinónimo do adxectivo *mouro*, pois lese o seguinte: «Iten do Outeiro de Vilaçesar hu morou Domingo Manco et commo vay topar a deyreiro *Poço Negro* contra Barreyros» (Cal Pardo 2005: 441). O outro é do ano 1479 e tamén segue a aparecer esta variante «*Poço Negro*» (Cal Pardo 2006: 452). Con todo, no Catastro de Ensenada (1752) xa se rexistra na parroquia de San Cosme de Barreiros unha forma máis próxima á actual, pois nel cítase o lugar de «*Pouzo mouro*».

O NG rexistra *Pozo Mouro* en Barreiros e *(O) Pozo*, *(Os) Pozos* e topónimos derivados e compostos noutros 24 concellos. Tamén rexistra *(O) Mouro*, *(Os) Mouros* e topónimos compostos en 36 concellos.

Proída, A

Lugar da parroquia de Reinante

Proída (ou *pruída*) significa “parte máis alta dun monte” (DRAG) e, con respecto á súa etimoloxía, Corominas propón unha orixe incerta, quizais de PRŌDĪTA, participio de PRODIRE ‘aparecer (á vista de alguén)’, por ser o lugar onde se ve aparecer os que chegan (DCECH s.v. *pruída*). En cambio, para García de Diego “parece derivar do lat. *pronus* (...) citando o galego *pruída* ‘baixada, costa’, tamén como topónimo” (Ares Vázquez 2012-2013: 837) e o mesmo considera Piel (1953: 34), xa que tamén indica que esta voz é un derivado do adxectivo latino PRŌNUS ‘inclinado’.

Este topónimo atéstase no Padrón de Barreiros de 1661, xa que nel cítase a un tal «Alonso da *proinda*». A existencia da nasal nesta atestación parece apoiar a proposta de García de Diego e de Piel.

O NG rexistra outro lugar chamado *A Proída* no concello lugués da Pastoriza.

Pumarín

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Este topónimo é un derivado da voz *pumar* ou *pomar* (< POMARE variante de POMALE) (Navaza 2006: 425), definida polo DRAG como “terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de maceiras”, co sufixo diminutivo *-ín*, variante de *-iño* propia

do concello de Barreiros. Polo tanto, trátase dun lugar onde había ou hai unha pequena plantación de árbores froiteiras.

Pumarín rexístrase no ano 1452 baixo a forma «*Pumarinno*» (Cal Pardo 2006: 379) en textos da Catedral de Mondoñedo, pero non sen ten certeza de que se refira a este lugar. Posteriormente, cítase «*Pumarin*» no Catastro de Ensenada (1752) dentro da parroquia de San Miguel de Reinante.

O NG tamén rexistra o lugar de *Pumarín* no concello lugués de Castroverde e *Pumarín de Arriba* e *Pumarín de Abaixo* no de Becerreá.

Pumarrubín

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

É un topónimo bitemático que está composto polo substantivo *pumar* (véxase a entrada *Pumarín*) e o nome de posesor (VILLA) RUBINI, xenitivo do nome latino RUBINUS, derivado de RŪBIUS (Piel 1947: 359). Polo tanto, a denominación deste lugar débese posiblemente a que nel existía un conxunto de maceiras ou outro tipo de árbores froiteiras que eran propiedade dunha persoa chamada Rubín.

O documento máis antigo que dá conta deste topónimo é do ano 1078 e nel pode lerse o seguinte: «Ideo nos dammus in territorio inter Euue et Masma, discurrere ad ecclesia sancti Michaelis, vila que uocitant *Pumar Ruiino* quam habemus de mater mea» (TLourenzá).

O NG rexistra *Pumarrubín* en Barreiros e (*O*) *Pumar*, (*Os*) *Pumares* e topónimos derivados e compostos noutros 82 concellos galegos.

Rego de Molido

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Este topónimo está formado polo substantivo *regu* que significa “pequeno suco natural polo que corre a auga” (DRAG) e o substantivo *molido* (ou *mulido*) para o cal o DRAG trae as seguintes acepcións: “peza de coiro ou tea, xeralmente chea de palla, herba etc, que se lles pon aos bois ou ás vacas entre os cornos para que non os manque o xugo cando van xunguidos pola cabeza e non polo pescozo” e “trapo ou presa de herba seca retorcidos para pór na cabeza ou no lombo cando se leva unha carga”. Aínda así, *molido* tamén pode significar “esquilme que se roza para cuadras. Cavarcos de Barreiros, Lugo” (DdD), entendendo por “esquilme” un sinónimo de “estrume”. Destes significados, posiblemente

os que máis relacionados estean sexan o último aportado polo DRAG ou o dado polo DdD, mais non se pode sinalar un en concreto con absoluta certeza, porque se descoñecen as razóns motivacionais do topónimo.

Con respecto á súa etimoloxía, Corominas propón para *rego* unha orixe prerromana supoñendo unha base *RĚCU ‘regato’, quizais iberovasca, (DCECH s.v. *regar*) na que puideron confluír os descendentes do verbo latino RIGARE ‘regar’ (Méndez Fernández 2016: 84). *Molido* ou *mulido* “parece traducir a *mollitus*, a, um, participio do verbo *mollire* ‘amolecer, espelir (terras), suavizar (unha costa), etc.’” (Ares Vázquez 1964: 569).

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG rexistra *Rego de Molido* en Barreiros e outros 184 lugares denominados (*O*) *Rego*, (*Os*) *Regos* e topónimos compostos.

Rego do Lopo, O

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Este topónimo está formado polos substantivos *rego* (véxase a entrada *Rego de Molido, O*) e *Lopo*. Este último é un antigo nome medieval (Boullón Agrelo 1999: 291) que comparte orixe etimolóxica co substantivo *lobo* “mamífero carnívoro salvaxe da familia dos cánidos, de cor parda agrisada, orellas curtas e ergueitas e rabo longo e peludo” (DRAG), xa que ámbolos dous proveñen do lat. LŪPUS ‘lobo’ (DCECH).

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG rexistra o topónimo composto *O Rego do Lopo* só no concello de Barreiros.

Regueira, A

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Lugar da parroquia de Vilamartín Pequeno

Este hidrotopónimo é un derivado de *rego* (véxase a entrada *Rego de Molido*) e significa “canle por onde baixa un rego de auga” (DRAG).

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de San Xusto de Cabarcos o lugar «da *Rigueira*», onde se pode observar que se produciu unha alteración do vocalismo pretónico.

O NG rexistra 38 lugares con este nome.

Reinante (Santiago)

Parroquia do concello de Barreiros

Reinante é probablemente un topónimo bitemático de orixe xermánica. Está formado polo tema *Rei-*, con posible orixe na raíz RAG-, RAI-, proveniente de *ragin* ‘consello’ (Piel / Kremer 1976: 217), e o tema *-nante*, que ten orixe na raíz NAND-, NANT ‘audacia’ (Piel / Kremer 1976: 207). Malia estes autores recoller no índice toponímico do HGNB as localidades galegas de *Reimonde*, *Reiris* e *Reiriz* e *Nantes* e *Nantón* aludindo ás entradas 213 e 19, correspondentes ás raíces xermanas antes sinaladas, o topónimo barreirego de *Reinante* non figura nese estudo.

Cítase «*Santiago de Reynante*» e «*sancti Iacobi de Regnanti*» (TLourenzá) no ano 1131 e «*Reinanti*» (TLourenzá) no 1449.

Segundo o NG, *Reinante* é un topónimo único na toponimia galega.

Remior

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Trátase dun topónimo de orixe latina que non é transparente de todo, pois o primeiro elemento *Re-* é unha redución da palabra *río* “curso permanente e natural de auga doce, que flúe por un leito e desemboca no mar, nun lago ou noutro río” (DRAG) (Bascuas López 2008: 525). Así pois, *Remior* provén do latín RIUŪ MĪNORE > **río mīor*, co significado de ‘río menor’ (Martínez Lema 2010: 249).

No tocante á súa presenza na documentación escrita, cómpre mencionar que en textos da Catedral de Mondoñedo se rexistraron diversas formas deste topónimo. No ano 1307 rexístrase a forma «*Reumeor*» (Cal Pardo 2005: 136) e no ano 1379 as tres seguintes: *Riomeor*, «et huna peça das herdades de *Riomeor*» (Cal Pardo 2005: 438), *Romeor*, «iten Diego Peres de *Romeor*» (Cal Pardo 2005: 438) e *Riameor*, «Iten en *Riameor* hun casal que foy / de Eluira de Porto de Boys» (Cal Pardo 2005: 440). Posteriormente, no ano 1410 rexístrase a forma *Remyor* «et Domingo Dias de *Remyor*» (Cal Pardo 2006: 445) e no ano 1467 a variante *Rimior* «et Fernan de *Rimior*» (Cal Pardo 2006: 448).

O NG rexistra *Remior* só no concello de Barreiros, aínda que tamén existen topónimos que presentan esta redución *re-* nos concellos mariñaos de Alfoz, O Valadouro e Ribadeo: *O Reirado* (med. *riuum Iratum*) e *Remourelle* (med. *rio Maurili*) (Martínez Lema 2010: 248-249).

Rexa

Lugar da parroquia de Celeiro de Mariñaos

Rexa presenta problemáticas á hora de establecer a súa orixe e o seu significado, polo que se pode considerar un topónimo opaco.

Con respecto á súa datación máis antiga, este topónimo rexístrase no ano 1265 baixo a forma «*Regia*» (TLourenzá) e cítase no Padrón de Barreiros de 1661 ó aludir a un tal «Francisco Fernández de *rrex*a».

No NG só se rexistra *Rexa* en Barreiros, polo que estamos perante un *unicum*.

Rilleira, A

Lugar da parroquia de Cabarcos

Rilleira é un topónimo derivado da palabra *rell*a, do lat. REGŪLA ‘regra’ ‘barra de metal ou de madeira’ (DCECH), co significado de “pegada que deixa unha roda” (DRAG), pois cómpre ter en conta que o concello de Barreiros está caracterizado por terras lamentos.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste lugar.

O NG tamén recolle este topónimo nos concellos de Aranga e Ortigueira.

Roda

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Segundo o DRAG existen diferentes acepcións para o substantivo *roda* (< latín RŌTA) (DCECH), mais o que suxire esta palabra é unha referencia a algo de forma circular, de aí a posible orixe da súa denominación.

Cómpre sinalar que ademais dun núcleo de poboación é o nome dunha praia e tamén a denominación dun círculo lítico coñecido como o “Stonehenge Galego”, situado na parroquia de Reinante, mais algunhas fontes localízano erroneamente en San Pedro de Benquerencia.

Nas fontes medievais e históricas consultadas non se atestou este topónimo.

O NG rexistra catro lugares chamados (*A*) *Roda*.

Saiñas, As

Lugar da parroquia de Celeiro de Mariñaos

Saiñas é diminutivo do “substantivo gótico SALA, que tiña un significado para nós incerto, pero probablemente próximo dos de ‘casa-río’, ‘pazo’ ou ‘quinta’” (Mariño Paz 1998:

69). Por tanto, e tendo en conta que este lugar se sitúa ó carón do río Masma, que desemboca na ría homónima, é probable que a súa motivación semántica se relacione co significado de ‘casa-río’ antes sinalado.

En textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 370) cítase «*Saynnas*» no ano 1449, así como tamén consta no Padrón de Barreiros de 1661 ó citarse a un tal «Loys das *sayñas*».

O NG rexistra un total de catro lugares chamados *As Saiñas*.

San Bartolo

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

San Bartolo, ademais de ser a denominación dunha entidade de poboación na que se atopa unha capela homónima, tamén é o nome dunha praia, cuxa orixe se relaciona cun nome de santo tradicionalmente hispánico que provén do latín BARTHOLOMAEUS (Piel 1949-1950: 296).

Non se atoparon atestación medievais nin históricas deste topónimo.

No NG rexístranse dez lugares chamados *San Bartolomeu*, fronte o *San Bartolo* de Barreiros.

San Cosme

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros e capital do concello

Trátase dun haxiotopónimo que Piel (1949-1950: 338) inclúe dentro dos santos tradicionalmente hispánicos. Ademais, este estudoso indica que *Cosme* provén do latín *Cosmas*, cuxo “genitivo (...) é *Cosmae*, escrito tamén com *-e*” (Piel 1949-1950 : 338).

Non se atoparon atestación medievais nin históricas deste topónimo.

San Cosme e topónimos compostos é o nome de sete lugares segundo o NG.

San Cosme de Barreiros (San Cosme)

Parroquia do concello de Barreiros

Este topónimo está formado polo nome de santo *Cosme* (véxase a entrada *San Cosme*) e a voz *Barreiros* (véxase a entrada *Barreiro, O*).

En textos da Catedral de Mondoñedo cítase «*sanctus Cosmedi*» (Cal Pardo 1999: 40) no ano 1124, mentres que no ano 1221 se cita «*Sancti Cosme de Maritima*» (Cal Pardo 2005: 87). Esta nova forma *Sancti Cosme de Maritima* séguese a rexistrar en textos

da Catedral de Mondoñedo dos anos 1291 (CalCalendarios) e 1307 (Cal Pardo 2005: 136). Neste último texto do ano 1307 tamén se pode ler «*san Cosmede de Barreiros*». De feito, a partir deste momento vaíse producir unha combinación destas dúas formas, xa que nun texto do ano 1393 (Cal Pardo 2006: 87) lese «*Marinna de San Cosmede de Barreyros*», así como se lerá tamén nun do ano 1402 (Cal Pardo 2006: 132). Polo contra, dous anos despois, no 1404, lese soamente «*Sant Cosmede*» (Cal Pardo 1999: 362). Finalmente, cítase no ano 1488 a forma que o topónimo ten actualmente: «*Sant Cosme de Barreiros*» (Cal Pardo 1999: 712).

San Cosme de Barreiros é un topónimo composto que o NG rexistra soamente no concello aquí estudado.

San Miguel de Reinante (San Miguel)

Parroquia do concello de Barreiros

Este topónimo está formado polo nome de santo *San Miguel* e o nome de posesor *Reinante* (véxase a entrada *Reinante*). Con respecto ó primeiro elemento *Miguel*, este provén do hebreo *Mikha'el* ‘quen coma Deus?, e pasou polo grego e latín como *Michael* (Boullón Agrelo 1999: 316). Este santo “é o máis popular dos arcanxos (...). No Antigo Testamento el é o capitán das milicias de anxos fieis fronte aos anxos rebeldes. Non catolicismo (...) é o condutor das almas dos mortos (Cabeza Quiles 2018: 154).

Porén, este lugar non sempre se denominou así, senón que na Idade Media era coñecido como *San Miguel de Vilachá*, onde o segundo elemento derivaría da forma latina VILLA PLANU. A atestación máis antiga que corrobora isto é do ano 1124 e corresponde cun texto da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 1999: 40) onde se pode ler o seguinte:

«Et infra ipsos terminos inter Euue et Masma deuenerunt in particione sedis sanctus Iacobus de Regnanti, *sanctus Michael de Uillaplana* sanctus Petrus de Uillaplana sanctus Cosmedi sanctus Uicencios de Couelas sancta Maria de Citofacta sanctus Iulianus de Cauarcos»

Este topónimo repítese en documentos posteriores, datando o último no ano 1288 (Cal Pardo 2005: 74). De feito, no ano 1311 rexístrase o resultado patrimonial do topónimo «*San Miguel de Vilachaa*» (Cal Pardo 2005: 165) nun texto da Catedral de Mondoñedo. Con todo, a partir do ano 1409 xa se rexistra o cambio ó actual *San Miguel de Reinante*, pois nun texto dese ano atópase o primeiro paso, que é a atestación da forma

«*San Miguel*» (Cal Pardo 2006: 200) para posteriormente no ano 1452 atestarse xa o topónimo co segundo novo elemento: «*San Miguel de Reinante*» (Cal Pardo 2006: 379).

As atestacións anteriores ofrécennos información relativa ó cambio de denominación desta parroquia, pero non indican as súas razóns.

O NG rexistra *San Miguel de Reinante* no concello de Barreiros e outras once parroquias que conteñen como primeiro elemento do composto o nome de santo *San Miguel*.

San Paio

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

O haxiotopónimo *San Paio*, sinala Piel (1949-1950: 325) que é un nome de santo tradicionalmente hispánico que ten a súa orixe na forma latina PELAGIUS. O paso desta forma latina ó actual *Paio* débese a unha serie de cambios fonolóxicos que se produciron ó longo do tempo.

Non se atoparon atestacións medievais nin antigas deste topónimo.

San Paio é o nome doutros 56 lugares segundo o NG.

San Pedro de Benquerencia (San Pedro)

Parroquia do concello de Barreiros

Este topónimo está formado polo nome de santo *San Pedro* e o substantivo *benquerencia*, que significa “sentimento de afección por alguén” (DRAG) e “onde o adverbio *Ben-* vai seguido dun abstracto verbal equivalente ó infinitivo” (Bascuas López 2014: 66). Con respecto ó primeiro elemento, Piel (1949-1950: 306) indica que *San Pedro* é un nome de santo tradicionalmente hispánico que provén do latín *Petrus*, “masculinización de *petra* ‘pedra, rocha’” (Boullón Agrelo 1999: 361), “por ser o apóstolo chamado Pedro a pedra vivente sobre a que Cristo construíu a súa igrexa” (Cabeza Quiles 2018: 154).

A atestación máis antiga deste topónimo atópase no Tombo de Lourenzá (Rodríguez González / Rey Caíña 1992: 90) nun documento do ano 1078 que di: «Dedit in ecclesia *Sacti Petri de Villa Plana*». Como se pode observar, e ó igual que acontecía con *San Miguel de Reinante*, orixinariamente este lugar era coñecido como *San Pedro de Vilachá*. De feito, a partir do ano 1285 comézase a rexistrar por escrito o comezo da evolución cara ó resultado patrimonial deste topónimo, pois en textos da Catedral de Mondoñedo cítase nese mesmo ano a forma «*Sancti Petri de Villachana*» (Cal Pardo

2005: 65), mentres que no ano 1488 xa se le «*Sant Pedro de Vilachaa*» (Cal Pardo 1999: 709). Con todo, é no ano 1584 cando se rexistra o cambio de nome do lugar, pois nun documento do Mosteiro de Santa Clara de Ribadeo pode lerse xa o topónimo «*San Pedro de Benquerencia*» (Castro / de la Cruz 1988: 26).

San Pedro de Benquerencia soamente se rexistra en Barreiros, pero *San Pedro* tamén é o primeiro elemento doutros dezanove topónimos compostos, segundo o NG.

San Xusto de Cabarcos (San Xusto)

Parroquia do concello de Barreiros

Este topónimo está formado polo nome de santo *Xusto*, proveniente do “adx. lat. *iustus*. der. de *ius* ‘dereito’” (Boullón Agrelo 1999: 279), e a voz *Cabarcos* (véxase a entrada *Cabarcos (San Xulián)*).

Con respecto ás atestacións deste topónimo, alén do anteriormente mencionado *Diploma de Silos* datado no ano 774, tamén existe documentación posterior na que aparece citado, tal e como indica Ares Vázquez (2012-2013: 221):

No ano 916, o rei Ordoño II doa á Sé leonesa a igrexa de *Sancti Justi de Cabarcos* (cf. *España Sagrada*, XXXIV, pp. 436, 459). No ano 935, Ramiro II confirma esta doazón de *Sancti Juliani de Giliari* (et) *Sancti Justi de Cabarcos* (*E.S.* XVIII, p. 309). No ano 958, Ordoño II dá ó Conde Osorio o mosteiro de *Sèrautani* con dúas igrexas, *una Sancto Justi inter Masma et Coarchos, alia Sancto Georgio in Valle de Laurenzana* (*E.S.* XVIII, p. 335).

Referenciando a *San Xusto de Cabarcos* atópanse varios documentos no que o segundo elemento deste topónimo presenta variantes. Entre os anos 951 e 956 cítase a forma «*Coarchos*» (TLourenzá), no ano 969 rexístrase «*Coarcus*» (TLourenzá) e en 1290, nun texto da Catedral de Mondoñedo, lese «*Cauarcos*» (Cal Pardo 1999: 115).

Segundo o NG, o nome deste lugar non se repite en toda a toponimia galega, mais *San Xusto* tamén é o primeiro tema doutro topónimo composto situado no concello de Palas de Rei.

Sarxende

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Este topónimo presenta unha posible procedencia xermánica, o que nos incita a acudir ó HGNB. Malia *Sarxende* non aparecer no seu índice, pódese identificar a última parte (-*xende*), núm. 271/30, con *-sindus*, proveniente do étimo gótico *swinths* ‘forte’ (Piel /

Kremmer 1976: 265). Porén, ante o descoñecemento da primeira parte foi necesario recorrer a outra fonte. Así pois, Ares Vázquez (2012-2013: 455-456) identifica este lugar co medieval *Gelsendi* e atribúelle carácter de patronímico en consonancia con *Fernández*, *Méndez*, *López* etc. Tamén identifica este topónimo como bitemático e explica que o primeiro tema (*Gel-*) sufriu procesos asimilatorios, disimilatorios e rotacismo que deron lugar ó actual *Sar-*. Deste xeito, pártese dun orixinario tema *Gel-*, para o cal o HGNB, núm. 127/10, recollen os xinecónimos *Gile-sinda*, *Gele-sinda*, *Gelsinda*, *Gilsenda* e *Galsuenda*. Isto, pois, fai pensar que “temos (...) en (*Villa*) *Gelsindi* / *Gelsendi* / *Gelsende* o xenitivo do xinecónimo *Galsuenda*, composto do gótico **gails* ‘ledicia’(...) e *swinth* ‘forte’, segundo opinan Piel-Kremer, o.c. núms, 127 e 261” (Ares Vázquez 2012-2013: 456).

Polo tanto, pódese dicir que este topónimo posiblemente proveña de (VILLA) GELSENDI que é a forma en xenitivo do nome de posesor GELSINDUS. Desta maneira, este lugar recibiría ese nome porque nel vivía unha persoa que se chamaba *Gelsindus*, que posuía unha *vila* (‘granxa’).

En varios documentos do século XII cítase «*Gelsendi*» (TLourenzá), dos cales o máis antigo data entre os anos 1076 e 1113. Logo, tamén Tombo de Lourenzá se rexistra no ano 1143 a forma «*Gelsende*» (Rodríguez González / Rey Caíña 1992: 109) e noutro documento, pero sen data, a forma *Gelsindi* «Todimiro de *Gelsindi*» (Rodríguez González / Rey Caíña 1992: 43). Posteriormente, xa no ano 1452 este topónimo cítase nun texto da Catedral de Mondoñedo baixo a forma «*Jalçende*» (Cal Pardo 2006: 379).

Segundo o NG, estamos perante un *unicum*.

Seixo da Veiga, O

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Este topónimo está formado polo substantivo *seixo* “pedra dura de pequeno tamaño, que a erosión tornou lisa e arredondada” (DRAG), que provén “do latino neutro *saxum*” (Ares Vázquez 2012-2013: 594), e o substantivo *veiga* (véxase a entrada *Veiga de San Pedro, A*).

Atéstase por primeira no ano 1379 nun texto da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2005: 439) no que se pode ler: «et outro quarto deste casal foy de / Fernando de *Seyxo*».

O NG rexistra *O Seixo da Veiga* no concello de Barreiros e *(O) Seixo, (Os) Seixos* e sintagmas derivados e compostos como denominacións doutros 82 lugares.

Seoane

Lugar da parroquia de Cabarcos

Seoane é un antropotopónimo que “evoca o patrón da freguesía *Sanctus Iohannes*, nome hebreo, ‘don de Deus’” (Ares Vázquez 2012-2013: 623) e que, segundo Piel (1949-1950: 301), é a “forma típica galega”.

En textos da Catedral de Mondoñedo, no ano 1379 lese «*Seyoane*» (Cal Pardo 2005: 440). Posteriormente, no Catastro de Ensenada (1752) cítase na parroquia de Cabarcos o lugar de «*Seoane*».

O NG rexistra outros 52 lugares así denominados.

Sindín

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Sindín é un topónimo que, segundo o HGNB, núm. 241/24, provén de *Sindinus*, voz formada polo raíz SIND-, SINT- (derivada de **sinps* ‘camiño’) e o sufixo -INU. De feito, sinalan tamén con esta orixe topónimos como *Vilasendín* e *Sendín* na provincia de Lugo (Piel / Kremer 1976: 245). Por tanto, *Sindín* posiblemente proceda de (VILLA) SINDINI, que é o xenitivo do nome de posesor xermano SINDINUS. Deste xeito, a denominación deste lugar relacionaríase co feito de que nel residía unha persoa cuxo nome era *Sindinus*.

Este topónimo atéstase por primeira vez no *Padrón de Barreiros de 1661*. Nel lese: «Joan de *Sindín*».

O NG rexistra *Sindín* en Barreiros e *Sendín* e *Lamasendín* como o nome doutros oito lugares.

Souto, O

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

A voz *souto* “procede do latín SALTUS” (Navaza 2006: 513) e significa “terreo poboado de castiñeiros” (DRAG). Ademais, este é un topónimo moi abundante na toponimia galega (existen máis de 200 lugares así chamados segundo recolle o NG), o cal se explica debido á “enorme importancia que tivo a castaña na alimentación dos nosos devanceiros” (Navaza 2006: 513).

Deste topónimo non se atoparon atestacións medievais, quizais polo seguinte feito (Noela Fernández 2 de maio de 2018):

Non sabemos moi ben cando comezou a chamarse así xa que na Idade Media, aló polo 1300, era coñecido por Casal de Vilar (...). Os arquivos da Catedral de Mondoñedo así certifican esta existencia cando no ano de 1389 se realiza un inventario da chamada Administración de San Miguel. O cabildo resultou ter gran cantidade de propiedades no pobo, concretamente seis casas de herdades mansas (...) en “Jalsende”, Pumarinno, Pumarrubiño, Pousada, Outeiro e a metade do Casal de Vilar.

Posteriormente, no Padrón de Barreiros de 1661 cítase a un tal «Antonio do Souto» e arredor de “1800 xa se falaba da Quinta do Souto, así o corrobora o libro parroquial de defuncións do 1815” (Noela Fernández 2 de maio de 2018).

Suigrex

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Fai referencia a un lugar situado por debaixo dunha igrexa. Está formado pola preposición latina *SUB* ‘baixo’ ‘debaxo de’ (DELL) que, malia o seu desprazamento polas formas *baixo (de)* e *debaxo (de)*, se mantivo principalmente na toponimia (Marqués Valea 2004: 883), e o substantivo *igrexa* (véxase a entrada *Igrexa, A*).

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG recolle un total de seis lugares así denominados.

Teixo, O

Lugar da parroquia de Cabarcos

O Teixo é un topónimo que posúe varias acepcións segundo o DRAG. Así pois, pode aludir a unha “árbore conífera (...) con pólas moi mestas que nacen desde a base do tronco, follas aciculadas (...), e froitos en forma de bagas vermellas”, a un “animal mamífero carniceiro (...) de pelo longo e espeso (...) que vive en tobos profundos e ten costumes nocturnos” ou pode significar “de cor parda escura”.

Dos tres significados anteriores, o que mellor lle acae é o primeiro, polo que estaríamos perante un fitotopónimo, o “*Taxus boccata* (...), [que] foi en tempos unha árbore común en Galicia, a xulgar pola súa presenza na toponimia” (Navaza 2006: 528).

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

Na toponimia son moito máis abundantes os derivados de *teixo*, como (*A*) *Teixoeira* e (*As*) *Teixoeiras* (e compostos), que son o nome de 22 lugares. De feito, no NG só se rexistran outros dous lugares denominados *O Teixo*.

Telleira, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Unha *telleira* é un “lugar onde se fabrican tellas” (DRAG). É un derivado do substantivo *tella* (< latín. TĒGŪLA ‘tella’ e esta de TĒGĚRE ‘cubrir’) (DELL) co sufixo *-eira*, que designa un ‘lugar onde levar a cabo unha acción’. Por tanto, nesta entidade de poboación posiblemente habería un sitio destinado á fabricación de tellas usando o barro, abundante neste concello.

Cítase «*Telleira*» (Cal Pardo 2005: 136) nun texto da Catedral de Mondoñedo do ano 1307. Posteriormente, “no 1800 os arquivos parroquiais xa falan da Quinta da Tilleira” (Noela Fernández 2 de maio de 2018).

A Telleira e As Telleiras é o nome doutras 24 entidades segundo o NG.

Torre, A

Lugar da parroquia Reinante

A voz *torre* (< lat. TŪRRIS) (DCECH) fai referencia a unha “construción estreita e alta que xeralmente forma parte doutra máis ampla” (DRAG). Neste caso, trátase dunha edificación anexa a unha casa, polo que o nome deste lugar viría dado pola existencia nel deste edificio.

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de Reinante o lugar «da *thorre*».

O NG recolle máis de 100 lugares con esta denominación.

Triana

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

O topónimo *Triana* posiblemente sexa de nova implantación, xa que non é unha forma frecuente do galego. A súa etimoloxía é escura.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

O NG rexistra *Triana* no concello aquí estudado e *O Barrio de Triana* no concello pontevedrés do Tomiño.

Val do Caínzo, O

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Este topónimo está formado polo substantivo *val* (<lat.VALLIS) (DCECH) “depresión do terreo entre montañas pola que flúe ou fluíu un curso de auga” (DRAG) e o substantivo “*caínzo* < CANNICĒU” (Navaza 2006: 136) que, segundo o DRAG, pode significar “estrutura rectangular con canas, varas ou vimbios entretecidos que se usa para achaiar a terra arada” ou “estrutura con varas ou paus entretecidos para facer divisións ou cerrados”. Tamén cómpre ter en conta un posible significado de *caínzo* “como sinónimo de *cabeceiro* ou *hórreo*” (Navaza 2006: 136). De feito, nesta localidade algunhas vivendas posúen hórreos, polo que podería ser esta a posible causa motivacional da súa denominación, aínda que non se pode afirmar con absoluta certeza.

O NG rexistra *O Val do Caínzo* no concello de Barreiros e máis de 430 lugares denominados (*O*) *Val*, así como derivados e compostos. Tamén rexistra outros cinco lugares chamados (*O*) *Caínzo*, (*Os*) *Caínzos* e compostos.

Valgas, As

Lugar da parroquia de San Miguel de Reinante

Valgas é o plural de *valga*, palabra tamén rexistrada como *valgada*, que significa “val pequeno ou a parte máis baixa do mesmo, por onde corren as augas naturais da chuvia” (DRAG). Etimoloxicamente, parece proceder dun tema prelatino *Val-* mais o sufixo *-iko* (**valika*), aínda que tamén puido confluír co latín *vallis* ‘val’ (Bascuas 1999: 167). Neste caso, considerárase coma un derivado (VALLICATA) da forma latina antes sinalada.

Non se atestou este topónimo en ningunha das fontes medievais e históricas consultadas.

O NG rexistra o plural *As Valgas* en Barreiros e *A Valga* e *Ponte Valga* nos concellos de Mesía e Valga. Con respecto á localidade aquí estudada, Noela Fernández (2 de maio de 2018) sinala o seguinte:

Este topónimo é bastante recente, aínda que este lugar está moi ligado por situación e por historia a *Casaldeite*. De feito, sabemos que algunha casa das actuais deste barrio pertencían ao Casal, e outras foron promovidas pola familia Balsa a comezos do 1905, familia que habitaba xa dende séculos atrás en *Casaldeite*.

Veiga de San Pedro, A

Lugar da parroquia de San Pedro de Benquerencia

Este topónimo está composto por dous elementos, o substantivo *veiga* e o haxiotopónimo *San Pedro* (véxase a entrada *San Pedro de Benquerencia*). *Veiga* fai referencia a un “terreo baixo, amplo e fértil, xeralmente ás beiras dun río” (DRAG) e trátase dunha voz prerromana da que a hipótese máis estendida é a súa suposta procedencia dunha forma vasca BAIKA ‘terreo que se pode regar e ás veces inundado’, deriv. de IBAI ‘río’ (DCECH s.v. *vega*), mais, segundo sinala Búa (2017: 63), de se partir dun orixinario **vaica*, o resultado latinizado sería ***vaeca* e as conseguíntes formas resultantes ***vega* no galego e ***vioga* en castelán. Así pois, vistas as problemáticas fonéticas e fonolóxicas que presenta este étimo, a hipótese de Búa (2017: 64) é a seguinte:

Eu inclínome a pensar que *veiga* procede dunha palabra prelatina **va(G)ica* aplicada ás terras chás cultivables dos vales irrigados e próximas aos ríos, que nese caso sería un derivado dunha palabra **va(G)o-* ou sim. que podería significar ‘río’, ‘terra próxima ao río’ (...) ou ‘agra / porción de terreo cultivado das terras fluviais (as que tecnicamente se chaman *chairas aluviais*)’. Pero estas aproximacións son poucas, moi dispersas e “de sonsonete”, polo que non permiten chegar a ningunha conclusión segura.

No ano 1358, en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2005: 387) lese:

«Iten huna peça de vinna enna Veyga aa qual vinna Rodrigo Eanes chamase en seu testamento vinna de Pedrido e / agora chamanlle a ella *vinna da Veiga* a qual vinna se departe da huna parte da vinna de Pedro Galvan / reçoeyro de Mondonnedo et da outra parte da vinna de Pedro Affonso de San Pedro de Villachaa»

Malia non poder asegurar certamente que a atestación anterior se refira a esta entidade de poboación, no Catastro de Ensenada (1752) si que se manifesta unha alusión clara, xa que na parroquia de San Pedro de Benquerencia cítase o seguinte: «por la *vega* que llaman de *san Pedro*».

(*A Veiga*, (*As Veigas*) e os seus derivados e compostos constitúen a denominación de máis de 180 lugares galegos segundo o NG, mais o topónimo composto *A Veiga de San Pedro* soamente se rexistra en Barreiros.

Viladaíde

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

Viladaíde é un antropotopónimo que “orixinalmente sería *Villa Dayldi* ou *Daildi*” (Ares Vázquez 2012-2013: 317), xa que Piel e Kremer no HGNB (1976: 111), núm. 63/4, sinalan

que *Viladaíde* ten orixe no antropónimo xermánico **Dag-ildus*. Isto indica que estamos perante un topónimo bitemático formado polo tema *Dag-*, proveniente da raíz **daga-*, gót. *dags* ‘día’, en sentido figurado algo así como ‘brillante, radiante’, e o tema *-ildus*, do gót. **hildi* ‘loita’. Polo tanto, *Viladaíde* é posible que proveña de VILLA DAGILDI, xenitivo do nome de posesor xermano DAGILDUS.

En textos da Catedral de Mondoñedo rexistráronse varias formas deste topónimo. Cítase «*Viladeylle*» en 1307 (Cal Pardo 2005: 136) e «*Villadaelle*» e «*Villadeelle*» en 1479 (Cal Pardo 2006: 450).

O NG rexistra *Viladaíde* no concello de Barreiros e *Rogodaíde* no de Bóveda.

Vilamar

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Vilamar podería vir de VILLA AMARI, xenitivo do nome de posesor *Amarus*, aínda que este nome non está atestado no repertorio de voces latinas.

En 1452 cítase a un tal «Juan Rodrigues de *Vilamar*» en textos da Catedral de Mondoñedo (Cal Pardo 2006: 379).

Este topónimo só se rexistra en Barreiros segundo o NG.

Vilamartín Grande

Lugar da parroquia de Cabarcos

Este é un topónimo composto por VILLA MARTINI, forma en xenitivo do nome de posesor MARTINUS, “der de *Mars*, *-tis* ‘de Marte’ (Boullón Agrelo 1999: 303), e o adxectivo *grande*, (< lat. GRANDIS ‘grandioso’(DCECH), que se refire a algo ou a alguén “que ocupa moito espazo ou moita superficie, en relación coa medida dos elementos da súa clase ou con algún en particular” (DRAG). Tendo en conta isto, pódese indicar que o topónimo fai referencia a unha granxa dun home chamado *Martinus* que era moi grande.

Non se atoparon atestacións medievais nin históricas deste topónimo.

Vilamartín é o nome de catro lugares galegos, pero o composto *Vilamartín Grande* só se rexistra en Barreiros, segundo o NG.

Vilamartín Pequeno (San Xoán Degolado)

Parroquia do concello de Barreiros

Como no caso anterior, este topónimo está formado pola forma de orixe latina *Vilamartín* (véxase a entrada *Vilamartín Grande*) e o adxectivo *pequeno* (véxase a entrada *Cruz Pequena, A*).

O Catastro de Ensenada (1752) cita na parroquia de Vilamartín Pequeno o topónimo «*San Juan de Villamartín el pequeño*».

O NG só rexistra o composto *Vilamartín Pequeno* no concello de Barreiros.

Vilar

Lugar da parroquia de San Cosme de Barreiros

O topónimo *Vilar* é derivado do latín *VILLA* ‘casa de campo, granxa’ (DCECH), pois naceu coa romanización e, actualmente, fai referencia a un “conxunto de casas que forman, xeralmente, un grupo separado dentro da aldea” (DRAG). Porén, orixinaríamente o *vilar* ou a *vila* non tiñan tal significado, senón o seguinte:

facían referencia a unha explotación agrícola coa casa principal, as dependencias agrícolas e gandeiras adxacentes e as súas terras. Co paso do tempo pasaron a significar pequenos núcleos de poboación similares aos lugares e ás aldeas. Daquela, o substantivo *vilar* adquiriu o significado primixenio de *vila*, isto é, o dunha vivenda principal coas construcións propias dunha explotación agrícola e gandeira. (Méndez Fernández 2016: 101)

En textos da Catedral de Mondoñedo cítase «et Affonso Fernandes de *Vilar* et Johan Afonso leuan outra et jas en / *Vilar*» (Cal Pardo 2005: 440) en 1379 e «Et despoys desto em este dito fis em *Villar*» en 1410 (Cal Pardo 2006: 443).

O NG recolle máis de 700 lugares con esta denominación, incluídos derivados e compostos.

Vista Alegre

Lugar da parroquia de Reinante

Vista Alegre, formado polo substantivo *vista* (< latín *VĪDĒRE*) (DCECH) e o adxectivo *alegre*, do lat. vg. **ALĪCER*, xenitivo **ALĒCRIS* (clás. *ALĀCER*, *ALĀCRIS*), ‘vivo, animado’ (DCECH), refírese a un “lugar máis ou menos alto dende o que se poden ver boas vistas ou vistas alegres” (Cabeza Quiles 2018: 193).

Nas fontes medievais e históricas consultadas non se atoparon referencias a este topónimo.

O NG recolleo coma o nome doutras 31 entidades.

Volta da Insua, A

Lugar da parroquia de San Xusto de Cabarcos

Este topónimo está formado pola substantivo *volta* (participio pasivo do verbo latino *VÖLVĒRE* ‘facer rodar’, ‘facer ir e vir’) (DCECH), co significado de “territorio próximo ao redor dun lugar” (DRAG), e o substantivo *insua* (véxase a entrada *Insua, A*).

Non se atoparon atestacións medievais nin antigas desta entidade.

A Volta da Insua é un topónimo composto que o NG só rexistra en Barreiros.

Xunto á Igrexa

Lugar da parroquia de Celeiro de Mariñaos

Xunto á Igrexa “é o lugar que está *junctum* ‘a carón’ da *ecclesia*” (Ares Vázquez 2012-2013: 992).

Este topónimo non se atestou en ningunha das fontes medievais e históricas consultadas.

O NG rexistra só dúas entidades de poboación así denominadas, á parte da aquí estudada.

5. Conclusións

A partir da análise anterior realizarase a clasificación semántica e etimolóxica da totalidade dos topónimos e o conseguinte estudo porcentual, co fin de dar a coñecer a paisaxe toponímica do concello de Barreiros.

Con respecto á clasificación semántica, os 121 topónimos estudados foron adscritos ós seguintes campos toposemánticos: orotoponimia (nomes de lugar referidos ás características do terreo, onde tamén se inclúen entidades que posúen un uso metafórico como *Altar, A Roda e Vista Alegre*), hidrotoponimia (nomes de lugar referidos á auga), fitotoponimia (nomes de lugar referidos ás plantas), zootoponimia (nomes de lugar referidos ós animais), hábitat humano (nomes de lugar referidos a agrupamentos de poboación, a actividades económicas e administrativas, a vías de comunicación, a monumentos megalíticos e a construcións humanas, entre as que se atopan as destinadas para animais ou para a relixión), actividades agrícolas e gandeiras, antropotopónimos, que son os topónimos formados a partir dun nome persoal e dentro dos que inclúen os topónimos de poseores (formados a partir de nomes medievais), os haxiotopónimos (formados a partir dos nomes de santos) e a categoría patronímicos (correspondentes ós nomes de lugar formados a partir dun apelido), o campo denominado opacos (inclúense os topónimos dos que se carece da súa etimoloxía e do seu valor semántico) e a categoría dubidosos (nela insírense os nomes de lugar cuxa motivación semántica non é certa).

Ademais, cómpre ter en conta que moitos topónimos están formados por dúas partes (*Feal da Paula, O*), polo que, nestes casos, o criterio que se estableceu para clasificalos foi o de facelo polo primeiro elemento do nome. Por tanto, a proposta de clasificación dos compoñentes semánticos dos topónimos estudados (véxase o *Anexo A*) revelou que os campos toposemánticos que máis abundan no concello de Barreiros son os seguintes:

En primeiro lugar, a orotoponimia, onde se encadran o 28,93% dos topónimos, entre eles *A Pena da Salsa, O Barral, Coto...*

En segundo lugar, o hábitat humano, que supón o 23,14% (*A Estrada, Suigrexa, Vilar...*).

En terceiro lugar, os antropotopónimos supoñen o 15,70% do total. Dentro deles, son poseores o 52,63% (*Armilo, Casaldeite...*), haxiotopónimos o 42,11% (*San Cosme, Seoane...*) e patronímicos o 5,26% (*Os Martices*).

En cuarto lugar, a fitotoponimia, cun 10,14% (*Pallares, Pumarín...*).

En quinto lugar, a hidrotoponimia, onde se inclúen o 8,26% dos topónimos (*Ibia, Remior...*).

En sexto lugar, atópanse cun 4,13% as categorías das actividades agrícolas e gandeiras (*O Curro, Novás...*) e a denominada opacos (*Rexa, Triana...*).

En sétimo lugar, a zootoponimia, que supón o 3,31% (*A Abalea, A Abelleira...*).

E finalmente, a categoría de dubidosos, cun 1,65%, onde se inclúen *As Fachas e O Canteiro*.




Gráfico 1. Compoñentes semánticos dos topónimos de Barreiros.

Con respecto á clasificación etimolóxica, os topónimos estudados foron clasificados nos seguintes campos etimolóxicos: perromano, latino, xermánico, outros (inclúense os nomes de lugar que son préstamos doutras linguas) e opacos (topónimos dos que a súa etimoloxía e valor semántico é incógnito). Neste caso, tamén se seguiu un método de clasificación concreto, pois hai que ter en conta que moitos dos nomes de lugares de Barreiros están formados por dúas ou tres partes, como acontece, por exemplo, con *San Pedro de Benquerencia* ou con *Vilamartín Pequeno*. Por este motivo, considerei

pertinente ter en conta ámbalas dúas (ou tres) partes destes topónimos compostos, xa que en certas ocasións acontece que o primeiro elemento é de orixe latina mentres que o segundo non. Polo tanto, isto contribuirá a que, de certa maneira, haxa un equilibrio no que a estratos etimolóxicos se refire. Ademais, naqueles casos nos que a segunda ou primeira parte dun topónimo (*Cabarcos*) coincida coa primeira ou a segunda doutro (*San Xusto de Cabarcos*), será contabilizado dúas veces. Desta maneira, hai que ter presente que o número de topónimos multiplicarase. Concretamente, para a clasificación etimolóxica partirase dun total de 158 topónimos.

Así pois, a proposta de clasificación dos compoñentes etimolóxicos dos topónimos barreiros que aquí se seguiu (véxase o *Anexo B*) manifestou os seguintes resultados:

O estrato prerromano é o segundo máis abundante, xa que supón o 15,82%. E, malia na toponimia en xeral predominar o “campo semántico da hidronimia (58% de tódolos hidrónimos)” (Boullón Agrelo 2019: 311), neste caso os hidrotopónimos con esta orixe constitúen o 20% (*Ibia, Rego, Regueira* etc.), xa que son superados polos orotopónimos, que constitúen o 52% (*Barral, Coto, Picota* etc.).

O estrato latino, cun 72,15%, é o máis elevado, co predominio do campo semántico do hábitat humano (29,82%), seguido da orotoponimia (23,68%), dos antropotopónimos (16,67%), da fitotoponimia (13,16%), da hidrotoponimia (8,77%), das actividades agrícolas e gandeiras (3,51%), da zootoponimia (3,51%) e finalmente a categoría dubidosos (0,88%).

O estrato xermánico corresponde co 6,33% do total e é un compoñente etimolóxico moi abundante nos topónimos de posesores que se forman a partir de nomes en caso xenitivo do latín. Neste caso, do total dos posesores, son de orixe xermánica o 60%, fronte o 30% de orixe latina.

Finalmente, o estrato árabe e as categorías denominadas opacos e outros supoñen a mesma porcentaxe que é o 1,90%. Son árabes *A Aldea, A Aldea (de Riba)* e *A Aldea (de Baixo)*, son opacos *A Aguá, A Anea* e *Rexa* e encádranse dentro de outros *Seoane, Triana* e *Eite*, que é o segundo elemento do topónimo *Casaldeite*.




Gráfico 2. Compoñentes etimolóxicos dos topónimos de Barreiros.

De termos en conta os resultados anteriores e facermos unha comparación coas porcentaxes etimolóxicas máis abundantes na toponimia galega en xeral, pódese indicar que, no referente ós compoñentes etimolóxicos, no concello de Barreiros, ó igual que sucede na toponimia galega, “o elemento maioritario é o latino, o prelatino ten unha importancia estatística relevante, así como o xermánico, mentres que o árabe é practicamente insignificante” (Boullón Agrelo 2019: 289).

En definitiva, pódese concluír que o estudo levado a cabo no presente traballo revelou que a paisaxe toponímica do concello mariñao de Barreiros é principalmente oronímica, latina, ben consolidada (porque en contados casos houbo cambios de denominacións, soamente se produciron nas parroquias de San Miguel de Reinante e San Pedro de Benquerencia, que orixinariamente tiñan como segundo elemento do composto o sintagma *de Vilachá*) e de grande antigüidade, pois así o demostran as fontes consultadas, que atestan a maioría dos topónimos dende a Idade Media.

6. Bibliografía

- Álvarez Maurín, María del Pilar (1994): *Diplomática asturleonese. Terminología toponímica*. León: Universidad de León.
- Ares Vázquez, Nicandro (1964): “Iano Paralioneo y Parameco”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* T.7 n. 61-62, 282-285.
- Ares Vázquez, Nicandro (2012-2013): *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 2 vols.
- Bascuas, Edelmiro (1999): “Ulla, Veleia y otros derivados de la raíz indoeuropea wel- “hacer girar”, *Veleia. Revista de Prehistoria, historia antigua, arqueología y filología clásicas* 16, 159-216.
- Bascuas, Edelmiro (2008): “Hidronimia de Galicia. Tres estratos. Paleoeuropeo, celta y latino”, *Estudios Mindoninenses* 24, 521-550. < https://71aef3a8-699f-4144-80580ccbddd6db4.filesusr.com/ugd/4dc129_e0f2e3c03dcf42f4997905f51da91002.pdf > [15/06/2021].
- Bascuas, Edelmiro (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2019): “O artificio das etimoloxias: elementos constitutivos da toponimia galega”, en Ernestina Carrilho / Ana Maria Martins / Sandra Pereira / João Paulo Silvestre (orgs.), *Estudos Linguísticos e Filológicos Oferecidos a Ivo Castro*. Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, 277-319.
- Búa, Carlos (2017): “Veigha: léxico e fonética da Galicia prelatina?”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas, Verba Anexo 7*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 57-80.
- Búa, Carlos (2019): *Toponimia prelatina de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións. *Verba Anexo 78*.
- Cabeza Quiles, Fernando (2018): *Toponimia da Estrada*. A Coruña: Real Academia Galega. Terra Nomeada 4. <<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/336/337/1096-1>> [15/06/2021].

- Cal Pardo, Enrique (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: transcripción íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2005. <<http://gmh.consellodacultura.org/catalogo/ficha/f/76/>> [15/06/2021].
- Cal Pardo, Enrique (2005): *Tumbos del Archivo de la catedral de Mondoñedo. Calendarios. Transcripción íntegra de sus documentos*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.
- Cal Pardo, Enrique (2006): *Tumbos de la Catedral de Mondoñedo. Tombo pechado: transcripción íntegra de sus documentos*. 2 vols. Lugo: Deputación Provincial.
- Castro, Manuel / M^a Ángeles de la Cruz (1988): *El monasterio de Santa Clara de Ribadeo. Historia y colección documental*. Ferrol: Publicaciones de Estudios Mindonienses y Caixa Galicia.
- Corriente Córdoba, Federico (1999): *Diccionario de arabismos y voces afines en iberorromance*. Madrid: Gredos.
- DCECH = Corominas, J / Pascual, J. A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- DELL = Ernout, A. / Meillet, A. (1985): *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots*. Paris: L. Klincksieck. 4^a ed.
- HGNB = Piel, Joseph M. / Kremer, Dieter (1976): *Hispano-gotisches namrnbnbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Krüger F. (1950): “Cosas y palabras del N.O. Ibérico”, *Nueva Revista de Filología Hispánica* IV, 231-253.
- Krüger, F (1956): *Problemas etimológicos. Las raíces car-, carr- y corr- en los dialectos peninsulares*. Madrid: C.S.I.C.
- López Boullón, Xosé Ramón (2019): *Toponimia de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega. Terra nomeada 5. <<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/339/340/1090-1>> [15/06/2021].
- López Carreira, Anselmo (2013): *Historia de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

- Marqués Valea, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia. <<http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/TopTrabada.-Marques.pdf>> [15/06/2021].
- Marqués Valea, Xulia (2018): *Toponimia de Trabada*. A Coruña: Real Academia Galega. Terra Nomeada 3. <<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/334/335/1095-1>> [15/06/2021].
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas a documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Universidade de Santiago de Compostela: Santiago de Compostela. <https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/2870/9788498875782_content.pdf?sequence=1&isAllowed=y> [15/06/2021].
- Martínez Lema, Paulo (2015): “Toponomástica, documentación medieval y fenomenología lingüística: contribución para una gramática histórica de la lengua gallega”, *Els noms en la vida quotidiana. Actes del XXV Congrés Internacional d'ICOS sobre Ciènces Onomàstiques* 6. Barcelona: Generalitat de Catalunya (Departament de Cultura, Direcció General de Política Lingüística), 1280-1289. <[Microsoft Word - Martinez plantilla.doc \(gencat.cat\)](#)> [15/06/2021].
- Martínez Lema, Paulo (2018): *Toponimia de Begonte e Rábade*. A Coruña: Real Academia Galega. Terra Nomeada 2. <<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/333/334/1094-1>> [15/06/2021].
- Méndez Fernández, Luz (2016): *Toponimia de Agolada*. A Coruña: Real Academia Galega. Terra Nomeada 1. <<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/306/307/990-1>> [15/06/2021].
- Morarejo Lasso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia gallega*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza. <https://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Fitotoponimia_galega.pdf> [15/06/2021].

- Navaza, Gonzalo (2014): “Topónimos do Orovello”, en Antonio Rodríguez Cabanas (ed.), *A cultura tradicional galega desaparecida: a vida no Orovello (Paderne, A Coruña)*. Paderne: Asociación Cultural Libre de Paderne Roxín Roxal, 152-188.
- Piel, Joseph M. (1947): “Nomes de possessores latino-cristiãos na toponímia asturo-galego-portuguesa”, *Biblos* XXIII, 143-202 e 283-407.
- Piel, Joseph M. (1949-1950): “Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular”, *Biblos* 25, 287-353.
- Piel, Joseph M. (1953): *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega*. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis.
- Porto Dapena, José Álvaro (1985): “Estudio toponímico del ayuntamiento gallego de Cedeira (España)”, *Thesaurus* Tomo XL, 3 Centro Virtual Cervantes. <https://cvc.cervantes.es/lengua/thesaurus/pdf/40/TH_40_003_024_0.pdf> [15/06/2021].
- Rivas Quintas, Eligio (1994): *Lingua galega, niveis primitivos*. A Coruña: Edicións Laiovento.
- Rodríguez González, Ángel / José Ángel Rey Caiña (1992): “Tumbo de Lorenzana”, *Estudios Mindonienses* 8, 11-325.
- Sánchez-Pardo, José Carlos (2014): “Sistemas de señales a larga distancia. Estudio de los topónimos *faro, facho* y *meda* en el Noroeste peninsular”, en R. Catalán Ramos / P. Fuentes Melgar / J.C. Sastre Blanco (eds.), *Las fortificaciones en la tardoantigüedad. Élités y articulación del territorio. (Siglos V-VIII d.C.)*. Madrid: Ediciones de La Ergástula, 417-424.

Recursos en liña

- AGOn = Asociación Galega de Onomástica. <<http://ilg.us.gal/agon/base-de-datos/>> [15/06/2021].
- CME = Ministerio de Cultura (2004-): *Catastro de Ensenada* [web]. PARES. <<http://pares.mcu.es/Catastro/>> [15/06/2021].
- CODOLGA = Eduardo López Pereira (dir.) (2006-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<http://corpus.cirp.es/codolga/>> [15/06/2021].

- Concello de Barreiros (2021).
<<http://www.concellodebarreiros.gal/es/municipio/historia>> [15/06/2021].
- DdD = Antón Santamarina (coord.) (2006-2018): *Dicionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>> [15/06/2021].
- DDGM = Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo (coords.) (2006-2018): *Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/ddgm/>> [15/06/2021].
- DMLBS = *Dictionary of Medieval Latin from British Sources*. British Academy. University of Oxford. <<http://www.dmlbs.ox.ac.uk/publications/online>> [15/06/2021].
- DRAG = Manuel González González e Antón Santamarina Fernández (dirs.) (2006): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/dicionario>> [15/06/2021].
- Fernández, Noela (2 de maio de 2018). *Toponimia dos nosos barrios*. <<http://osespigueiros.blogspot.com/2018/05/a-toponimia-dos-nosos-barrios.html>> [15/06/2021].
- González, Xosé (8 de marzo de 2014). *Toponimia do Concello de Barreiros*. <<https://toponimiabarreiros.blogspot.com/2014/03/apuntes-sobre-toponimia-de-barreiros.html>> [15/06/2021].
- IGE = *Instituto Galego de Estatística*. <[IGE - Instituto Galego de Estatística](#)> [15/06/2021].
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.gal/nomenclator>> [15/06/2021].
- Padrón de Barreiros de 1661 = Ministerio de Cultura (2004 -): *Padrón de diversos lugares de Barreiros correspondientes al año 1661*. Manuscrito inédito [web]: PARES. <<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/538247>> [15/06/2021].

TMILGa = Xavier Varerla (dir.) (2007-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Universidade / Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg/tes>> [15/06/2021].

Anexos

Anexo A

CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA

A continuación, pódese observar a clasificación semántica dun total de 121 topónimos atendendo ós seguintes campos toposemánticos:

A. Orotponimia

- | | |
|-----------------|---------------------------|
| 1. Altar | 18. Insua, A |
| 2. Áspera, A | 19. Lóngara |
| 3. Áspera, A | 20. Outeiro, O |
| 4. Barral, O | 21. Pedregás, Os |
| 5. Barranca, A | 22. Pedreira, A |
| 6. Barreiro, O | 23. Pedrido |
| 7. Barreiros | 24. Pena, A |
| 8. Barrosa, A | 25. Pena da Salsa, A |
| 9. Bouzas, As | 26. Picota, A |
| 10. Brañas, As | 27. Proída |
| 11. Coto | 28. Roda |
| 12. Couto, O | 29. Saíñas |
| 13. Escanlar, O | 30. Seixo da Veiga, O |
| 14. Fixoucos | 31. Val do Caínzo, O |
| 15. Fixoucos | 32. Valgas, As |
| 16. Granda, A | 33. Veiga de San Pedro, A |
| 17. Grandas, As | 34. Vista Alegre |
| | 35. Volta da Insua, A |

B. Hidrotoponimia

- | | |
|------------------|--------------------|
| 1. Agolada, A | 6. Rego do Lopo, O |
| 2. Entreríos | 7. Rego de Molido |
| 3. Fontela | 8. Regueira, A |
| 4. Ibia | 9. Regueira, A |
| 5. Pozo Mouro, O | 10. Remior |

C. Fitotoponimia

1. Carballo Branco, O
2. Cañoto, O
3. Espiñeira, A
4. Feal da Paula, O
5. Feás da Moreda, Os
6. Ladrado
7. Matomaioir
8. Nogueiredo
9. Pallares
10. Pumarín
11. Pumarrubín
12. Souto, O
13. Teixo, O

D. Zootoponimia

1. Abalea, A
2. Aballeira, A
3. Angueira, A
4. Corveiro, O

E. Hábitat humano

1. Abadía, A
2. Aldea, A
3. Aldea de Baixo, A
4. Aldea de Riba, A
5. Barrio Novo, O
6. Cabana da Vella, A
7. Cabanas, As
8. Cabanas, As
9. Cabarcos
10. Calzada, A
11. Cancela Vella, A
12. Celeiro de Mariñaos
13. Cruz, A
14. Cruz Pequena, A
15. Cruz do Lobo, A
16. Eiras, As
17. Estrada, A
18. Ferrería, A
19. Foro
20. Igrexa, A
21. Obra Pía, A
22. Pasadas, As
23. Rilleira, A
24. Suigrexas
25. Telleira, A
26. Torre
27. Vilar
28. Xunto á Igrexa

F. Actividades agrícolas e gandeiras

1. Campos, Os
2. Cortiñas, As
3. Curro, O
4. Morteiro, O
5. Novás

G. Antropotopónimos

1. Armilo
2. Cadaldeite
3. Martices, Os
4. Reinante
5. San Bartolo
6. San Cosme
7. San Cosme de Barreiros
8. San Miguel de Reinante
9. San Paio
10. San Pedro de Benquerencia
11. San Xusto de Cabarcos
12. Sarxende
13. Sarxende
14. Seoane
15. Sindín
16. Viladaíde
17. Vilamar
18. Vilamartín Grande
19. Vilamartín Pequeno

a. Posesores

1. Armilo
2. Casaldeite
3. Reinante
4. Sarxende
5. Sarxende
6. Sindín
7. Viladaíde
8. Vilamar
9. Vilamartín Grande
10. Vilamartín Pequeno

b. Haxiotopónimos

1. San Bartolo
2. San Cosme
3. San Cosme de Barreiros
4. San Miguel de Reinante
5. San Paio
6. San Pedro de Benquerencia
7. San Xusto de Cabarcos
8. Seoane

c. *Patronímicos*

1. Martices, Os

H. Dubidosos

1. Canteiro, O
2. Fachas, As

I. Opacos

1. Aguá, A
2. Anea, A
3. Gondán
4. Rexa
5. Triana

Anexo B

CLASIFICACIÓN ETIMOLÓXICA

A continuación, preséntase a clasificación etimolóxica dun total de 158 topónimos, dos cales algúns son compostos. Os campos etimolóxicos son os seguintes:

A. Prerromano

- | | |
|--------------|--------------|
| 1. Barral | 13. Carballo |
| 2. Barranca | 14. Curro |
| 3. Barreiro | 15. Granda, |
| 4. Barreiros | 16. Grandas |
| 5. Barreiros | 17. Ibia |
| 6. Barrio | 18. Mato |
| 7. Barrosa | 19. Picota |
| 8. Bouzas | 20. Rego |
| 9. Brañas | 21. Rego |
| 10. Cabarcos | 22. Regueira |
| 11. Cabarcos | 23. Regueira |
| 12. Canteiro | 24. Veiga |
| | 25. Veiga |

B. Latino

- | | |
|--------------|----------------|
| 1. Abadía | 57. Miguel |
| 2. Abalea | 58. Mior |
| 3. Abelleira | 59. Molido |
| 4. Agolada | 60. Moreda |
| 5. Alegre | 61. Morteiro |
| 6. Altar | 62. Mouro |
| 7. Angueira | 63. Nogueiredo |
| 8. Áspera | 64. Novo |
| 9. Áspera | 65. Novás |

- | | |
|------------------|-----------------|
| 10. Baixo | 66. Obra |
| 11. Benquerencia | 67. Outeiro |
| 12. Cabana | 68. Pallares |
| 13. Cabanas | 69. Pasadas |
| 14. Cabanas | 70. Paula |
| 15. Calzada | 71. Pedregás |
| 16. Campos | 72. Pedreira |
| 17. Cancela | 73. Pedrido |
| 18. Casal | 74. Pena |
| 19. Caínzo | 75. Pena |
| 20. Cañoto | 76. Pequena |
| 21. Celeiro | 77. Pequeño |
| 22. Cortiñas | 78. Pozo |
| 23. Corveiro | 79. Proída |
| 24. Coto | 80. Pumar |
| 25. Couto | 81. Pumarín |
| 26. Cruz | 82. Pía |
| 27. Cruz | 83. Re |
| 28. Cruz | 84. Riba |
| 29. Eiras | 85. Rilleira |
| 30. Entre | 86. Roda |
| 31. Escanlar | 87. Rubín |
| 32. Espiñeira | 88. Ríos |
| 33. Estrada | 89. Salsa |
| 34. Fachas | 90. San Cosme |
| 35. Feal | 91. San Cosme |
| 36. Ferrería | 92. San Paio |
| 37. Feás | 93. San Pedro |
| 38. Fixoucos | 94. San Pedro |
| 39. Fixoucos | 95. San Xusto |
| 40. Fontela | 96. San Bartolo |
| 41. Foro | 97. Seixo |
| 42. Igrexa | 98. Souto |

43. Igrexa	99. Su
44. Igrexa	100. Teixo
45. Insua	101. Telleira
46. Insua	102. Torre
47. Ladrado	103. Val
48. Lobo	104. Valgas
49. Lopo	105. Vella
50. Lóngara	106. Vella
51. Maior	107. Vila
52. Mar	108. Vila
53. Mariñaos	109. Vila
54. Martices	110. Vila
55. Martín	111. Vilar
56. Martín	112. Vista
	113. Volta
	114. Xunto

C. Xermánico

1. Armilo	7. Saíñas
2. Branco	8. Sarxende
3. Daíde	9. Sarxende
4. Gondán	10. Sindín
5. Reinante	
6. Reinante	

D. Árabe

1. Aldea
2. Aldea
3. Aldea

E. Outros

1. Eite
2. Seoane
3. Triana

F. Opacos

1. Aguá
2. Anea
3. Rexa